

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4554 *Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.*

PREÁMBULO

I

Tras a declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada polo COVID-19, o pasado 11 de marzo, a rápida propagación, tanto a nivel nacional como internacional, motivou a necesidade de reaccionar de forma rápida e de adoptar medidas urxentes e contundentes co obxectivo de amortecer o impacto desta crise sen precedentes.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que inclúe, entre outras cuestións, limitacións á liberdade de circulación, cos efectos que iso supón para traballadores, empresas e cidadáns.

Este proceso viuse reforzado co Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, que estableceu, durante dúas semanas, que os traballadores que non puidesen teletraballar ou a súa actividade non estivese entre as incluídas como servizos esenciais debían manterse confinados no seu domicilio, establecendo un permiso retribuído recuperable para eles. O estado de alarma foi prorrogado en dúas ocasións, continúa vixente ata o 26 de abril e está previsto propoñer ao Congreso dos Deputados unha nova prórroga ata o próximo 9 de maio.

As medidas de distanciamento social están sendo exitosas na contención da epidemia, pero teñen un impacto significativo sobre boa parte da actividade económica, tanto nacional como internacional, así como sobre as expectativas dos axentes.

Tras a introdución das primeiras medidas de distanciamento social, mantívose aínda un ton económico positivo, salvo por algúns sectores como o turismo, directamente afectado pola caída de demanda internacional e o progresivo peche de fronteiras. As restricións á mobilidade e á actividade que acompañaron o estado de alarma marcaron un punto de inflexión, cunha caída súbita da produción e do emprego, con importantes perdas de rendas para fogares, autónomos e empresas.

Por iso o goberno articulou a resposta á emerxencia do COVID-19 nun triplo plano: sanitario, económico e social. As medidas adoptadas no plano sanitario de contención da expansión do virus acompañáronse de medidas para apoiar o tecido produtivo e tecer unha rede de seguridade para os cidadáns, especialmente para os máis vulnerables.

Así, nas distintas fases de loita contra o virus, as normas no ámbito sanitario para reducir a mobilidade e o risco de contaxio acompañáronse de paquetes de medidas económicas e sociais encamiñados a (i) reforzaren o financiamento da resposta sanitaria, tanto no ámbito da atención e cuidados como na investigación (ii) manteren as rendas das familias e traballadores, tanto por conta allea como autónomos, dando resposta á situación dos máis vulnerables e (iii) garantiren a liquidez das empresas e apoiaren o mantemento do tecido produtivo, con atención especial para as pemes.

Todas estas medidas teñen por obxectivo evitar que a epidemia deixe cicatrices permanentes, lastrando a recuperación, e a súa posta en marcha está permitindo manter a actividade e o emprego en moitas empresas que, cando se supere a crise sanitaria, poderán retomar gradualmente a súa actividade.

As decisións tomadas e as medidas postas en marcha están aliñadas coas medidas que están adoptando os países da nosa contorna e de acordo coas recomendacións dos organismos da Unión Europea e internacionais. O G-20, reunido o 15 de abril, acordou un Plan de acción para coordinar as políticas e medidas económicas dos membros e sinalou a necesidade de utilizar todos os instrumentos existentes de política económica para apoiar a economía, manter a confianza e a estabilidade financeira e evitar efectos negativos profundos nas economías.

Non marco da Unión Europea adoptáronse distintas medidas para proporcionar aos países un marco máis flexible para articular as súas respostas á pandemia e acordouse o 9 de abril poñer en marcha un paquete de propostas, que se deberían poñer en marcha no curto prazo, para proporcionar créditos para financiar os gastos dos tesouros nacionais relacionados coa resposta ao COVID-19, en particular, no ámbito sanitario e en relación cos programas de regulación temporal de emprego.

Neste contexto, tras a fase de contención reforzada ditada polo Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, o progreso no terreo sanitario permitiu volver, a partir do día 13 de abril, á situación de confinamento e ao nivel de actividade económica previos, correspondentes ao real decreto de estado de alarma. Como era de esperar, a volta á actividade dos sectores considerados non esenciais permitiu unha leve recuperación da actividade e unha mellor evolución do mercado laboral, aínda que moi lonxe de recuperar os niveis previos á crise causada polo COVID-19.

A partir deste punto, as decisións que permitan iniciar unha fase de maior reactivación da economía dependerán lóxicamente, como veu facéndose ata agora, da evolución dos indicadores epidemiolóxicos e das recomendacións dos expertos, e farase en paralelo á activación da mobilidade persoal.

Co fin de responder ás necesidades de apoio reforzado derivadas da prolongación desta situación excepcional, de seguir protexendo e dando soporte ao tecido produtivo e social, de minimizar o impacto e de facilitar que a actividade económica se recupere en canto empece a remitir esta situación de emerxencia de saúde pública, apróbase un novo paquete de medidas que reforza, complementa e amplía as anteriormente adoptadas e se centra no apoio ás empresas e aos traballadores.

De tal forma, este real decreto lei estrutúrase nun preámbulo, 5 capítulos, 26 artigos, 15 disposicións adicionais, 5 disposicións transitorias, 13 disposicións derradeiras e un anexo.

II

MEDIDAS PARA REDUCIR OS CUSTOS OPERATIVOS DE PEMES E AUTÓNOMOS

Como consecuencia das medidas excepcionais adoptadas polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, moitas actividades económicas víronse obrigadas a suspender a súa actividade ou a reducila drasticamente.

En virtude do anterior, a falta ou a minoración de ingresos durante o período que dure o estado de alarma pode dar lugar á incapacidade financeira de autónomos e pemes para facer fronte ao cumprimento, total ou parcial, das súas obrigas de pagamento de renda de locais en alugamento que pon en serio risco a continuidade das súas actividades.

Na falta de acordo entre as partes, a Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, non prevé ningunha causa de exclusión do pagamento da renda por forza maior ou por declaración de estado de alarma ou outras causas, salvo no referido no seu artigo 26, relativo á habitabilidade da vivenda derivada da execución de obras, que pode ser aplicable aos locais de negocio, vía artigo 30 desta lei.

Así mesmo, se se acode á regulación do Código civil referida á forza maior, tampouco ofrece unha solución idónea porque non axusta a distribución do risco entre as partes, aínda que pode xustificar a resolución contractual nos casos máis graves.

Ante esta situación, procede prever unha regulación específica en liña coa cláusula *rebus sic stantibus*, de elaboración xurisprudencial, que permite a modulación ou modificación das obrigas contractuais se concorren os requisitos exixidos: imprevisibilidade e inevitabilidade do risco derivado, excesiva onerosidade da prestación debida e boa fe contractual.

Considérase conveniente ofrecer unha resposta que permita abordar esta situación e regular un procedemento para que as partes poidan chegar a un acordo para a modulación do pagamento das rendas dos alugamentos de locais.

III

MEDIDAS PARA REFORZAR O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL

O capítulo 2 regula un amplo paquete de medidas para reforzar o financiamento das empresas.

En primeiro lugar, para facilitar que as empresas que se visen afectadas pola crise sanitaria actual poidan facer fronte, da mellor forma posible, aos pagamentos derivados de créditos que desde distintos instrumentos da Administración se outorgasen, neste real decreto lei habílitase o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), organismo público adscrito á Secretaría de Estado de Enerxía, para conceder aprazamentos das cotas dos préstamos concedidos no marco dos seus programas de subvencións ou axudas reembolsables, estendendo así aos créditos do IDAE a posibilidade de aprazamento de cotas xa aprobada en reais decreto leis anteriores para os créditos da Secretaría Xeral de Industria, o programa REINDUs, entre outros.

Ademais de tomar medidas para reforzar o acceso á liquidez ou facilitar o pagamento dos créditos, é necesario garantir a continuidade do desenvolvemento das transaccións económicas e achegar seguridade ás operacións comerciais nun contexto de incerteza coma o actual.

A este respecto, o sector asegurador desempeña un papel destacado. Os seguros de crédito e de caución contribúen á consecución dos ditos obxectivos, xa que serven, respectivamente, de garantía do cobramento das vendas ou prestacións de servizos e do cumprimento das obrigas legais ou contractuais.

Nun contexto coma o actual, é necesario reforzar os mecanismos que contribúan a que o sector asegurador desempeñe o dito papel. Por iso, dada a situación adversa do mercado de crédito e as dificultades que, como consecuencia da redución da cobertura de riscos asegurados, poidan afectar as relacións comerciais e os pagamentos entre as empresas, habílitase o Consorcio de Compensación de Seguros para que desenvolva actividades de reaseguramento de crédito e de caución a partir de 2020.

O Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, aprobou unha liña de avais outorgada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para cubrir o financiamento outorgado por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamentos a empresas e autónomos. O obxectivo fundamental desta liña de avais, dotada cun importe máximo de 100.000 millóns de euros, é preservar a normalidade dos fluxos de financiamento e dos niveis de circulante e liquidez, en particular, das pemes e dos autónomos. En concreto, a liña de avais debe permitir que as empresas e autónomos continúen aboando os salarios dos seus empregados, poidan adiantar o cobramento das súas facturas, a través de figuras como o *factoring*, ou anticipar o pagamento de facturas aos seus provedores, a través de modalidades como o *confirming*, establecendo desta forma medios para o mantemento dos niveis de actividade económica e de emprego. As entidades que outorguen o financiamento deben velar polo cumprimento destes obxectivos, co fin de que a liquidez siga chegando ao conxunto do tecido produtivo, en particular, a través das canles de crédito comercial e pagamento a provedores.

O citado real decreto lei establece que as condicións aplicables e requisitos que se deben cumprir, incluído o prazo máximo para a solicitude do aval, se establecerán por acordo de Consello de Ministros. Os pasados 24 de marzo e 10 de abril, o Consello de Ministros adoptou cadanseus acordos liberando un total de 40.000 millóns de euros de avais que se van conceder a empresas e autónomos. O 75 % dos avais postos á disposición concéntranse en pemes e autónomos, como axentes clave que son da actividade económica, cuxo acceso á liquidez é fundamental para o bo funcionamento do tecido produtivo.

Para reforzar as medidas de apoio á liquidez e ampliar o seu alcance, este real decreto lei, nunha disposición derradeira, toma tres medidas complementarias. En primeiro lugar, prevé un reforzamento do reaval concedido pola Compañía Española de Reafianzamiento, Sociedad Anónima (CERSA), co fin de aumentar a capacidade de aval das sociedades de garantía recíproca, presentes en todas as comunidades autónomas de España e con gran capilaridade como reforzadoras do acceso ao financiamento das pemes das distintas áreas xeográficas en que se encontran presentes. Ademais, establece que poderán beneficiarse dos avais as obrigas de pagamento incorporadas ao mercado de renda fixa da Asociación de Intermediarios de Activos Financeiros (AIAF) e ao mercado alternativo de renda fixa (MARF), fomentando o mantemento das fontes de liquidez proporcionadas polos mercados de capitais e non soamente a través das canles bancarias tradicionais. En ambos os casos, as condicións dos avais estableceranse por acordo de Consello de Ministros. Por último, garántese que a liña de avais por importe de ata 100.000 millóns de euros poderá liberarse ata o 31 de decembro de 2020.

IV

MEDIDAS FISCAIS

Para permitir que o abastecemento de material sanitario se realice de forma rápida e efectiva, establécese ata o 31 de xullo de 2020 un tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do cero por cento aplicable ás entregas interiores, importacións e adquisicións intracomunitarias deste tipo de bens cuxos destinatarios sexan entidades públicas, sen ánimo de lucro e centros hospitalarios. Trátase dunha medida de política fiscal que incide sobre unha situación extraordinaria e que persegue obter efectos sensibles durante o período sobre o que despregará a súa vixencia, sen vocación de afectar, con carácter permanente, a estrutura de tipos impositivos do imposto sobre o valor engadido. Para evitar a necesidade de adaptar os sistemas de facturación dos suxeitos pasivos, estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas. Non obstante, a aplicación dun tipo impositivo do cero por cento non determina a limitación do dereito á dedución do imposto sobre o valor engadido soportado polo suxeito pasivo que realiza a operación.

Co fin de adaptar o cálculo aplicable ás liquidacións de impostos á realidade económica, adóptanse dúas medidas no ámbito fiscal. Respecto do imposto sobre sociedades, permítese, para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2020 e con efectos exclusivos para o dito período, que os contribuíntes cuxo volume de operacións non superase a cantidade de 600.000 euros exerzan a opción por realizar os pagamentos fraccionados, sobre a parte da base imponible do período dos 3, 9 ou 11 primeiros meses, mediante a presentación, dentro do prazo ampliado polo mencionado Real decreto lei 14/2020, do pagamento fraccionado determinado por aplicación da citada modalidade de base imponible. Para os contribuíntes que non puidesen exercer a opción de acordo co anterior e cuxo importe neto da cifra de negocios non sexa superior a 6.000.000 de euros, prevese que a opción se poida realizar no prazo do pagamento fraccionado que se deba presentar nos 20 primeiros días do mes de outubro de 2020, determinado, igualmente, por aplicación da citada modalidade de base imponible. Esta medida non será de aplicación para os grupos fiscais que apliquen o réxime especial de

consolidación fiscal regulado no capítulo VI do título VII da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Por outra parte, resulta imprescindible adaptar temporalmente as contías dos pagamentos fraccionados e ingresos á conta dos diferentes impostos que se determinan de acordo con signos, índices ou módulos, ao ver a súa actividade alterada pola emerxencia sanitaria que padecemos. Xa que logo, adáptanse, de forma proporcional ao período temporal afectado pola declaración do estado de alarma nas actividades económicas, o cálculo dos pagamentos fraccionados no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o ingreso á conta do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, que, ao estaren calculados sobre signos, índices ou módulos previamente determinados en situación de normalidade, comportarían unhas contías non axustadas á realidade dos seus ingresos actuais.

Así mesmo, para flexibilizar o réxime de pemes e autónomos, elimínase a vinculación obrigatoria que durante tres anos se establece legalmente para a renuncia ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, de maneira que os contribuíntes poidan volver aplicar o dito método no exercicio 2021, sempre que cumpran os requisitos normativos para a súa aplicación. Desta forma, ao poder determinar a contía do seu rendemento neto de acordo co método de estimación directa, poderán reflectir, de maneira máis exacta, a redución de ingresos producida na súa actividade económica como consecuencia do COVID-19, sen que a dita decisión afecte o método de determinación dos rendementos aplicable nos seguintes exercicios.

Por outro lado, engádese un novo punto 3 á disposición adicional oitava do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 coa finalidade de habilitar a interposición e tramitación, dentro daqueles procedementos de contratación cuxa continuación fose acordada polas entidades do sector público, de conformidade co previsto no punto 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, de recurso especial nos termos establecidos na propia Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen que o procedemento de recurso se poida considerar suspendido. Desta forma garántese, para todos os licitadores que tomen parte nestes procedementos, a posibilidade de facer valer os seus dereitos, pois os prazos do recurso especial previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, continuarán computándose nos termos establecidos na dita lei.

Pola súa vez, esténdese ata o 30 de maio a vixencia temporal de determinadas medidas tributarias contidas nos reais decretos leis 8/2020 e 11/2020, que tiñan como límite temporal o día 30 de abril de 2020 ou, segundo o caso, o día 20 de maio de 2020, co fin de garantir a adaptación das ditas medidas á evolución da crise cuxos efectos pretenden mitigar. A dita extensión tamén se aplicará ás administracións tributarias das comunidades autónomas e entidades locais pola remisión efectuada polo artigo 53 do Real decreto lei 11/2020.

A través do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, estableceuse, como medida de apoio financeiro transitorio, a flexibilización en materia de aprazamento de débedas tributarias, concedendo durante seis meses esta facilidade de pagamento de tributos a pemes e autónomos, logo de solicitude, pero limitada a solicitudes de aprazamento de débedas respecto das cales, por non superar determinada contía, estivesen exentas da obriga de achegar garantía.

Como complemento á dita posibilidade, arbrábase, a través do presente real decreto lei, a posibilidade de supeditar o pagamento das débedas tributarias á obtención do financiamento a que se refire o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, financiamento caracterizado por contar co aval do Estado.

Inclúese unha disposición derradeira que modifica o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e

social do COVID-19, o cal xa flexibilizou, a través do seu artigo 33, entre outros prazos, os relacionados co desenvolvemento das poxas e adxudicación de bens a que se refiren os artigos 104.2 e 104 bis do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo,

Para a seguridade xurídica que debe presidir a actividade normativa, moi particularmente nos momentos actuais, caracterizados pola continua necesidade de adaptación e perfeccionamento dos instrumentos normativos que o lexislador pon á disposición da sociedade civil e como complemento ás normas de flexibilización das obrigas tributarias xa implementadas, arbítrase unha solución, a través desta modificación legal no punto 3 do precepto, para adaptar o exercicio de dereitos por parte de licitadores e adxudicatarios nos procedementos de alleamento desenvolvidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria á ampliación de prazos que afectan estes en cuxa virtude o licitador poderá solicitar a anulación das súas poxas e a liberación dos depósitos constituídos e, se é o caso, ademais, o prezo do remate ingresado, sempre que, en canto aos adxudicatarios, non se emitise certificación da acta de adxudicación dos bens ou outorgamento de escritura pública de venda.

Por último, en relación co imposto sobre o valor engadido, dado que o confinamento fixo incrementar a demanda de produtos culturais e de información dos cidadáns, para facilitar o acceso aos libros, xornais e revistas dixitais, a través dunha disposición derradeira, redúcese ao 4 por cento o tipo impositivo aplicable a estes, á vez que se elimina a discriminación existente en materia de tipos impositivos entre o libro físico e o libro electrónico.

V

MEDIDAS PARA FACILITAR O AXUSTE DA ECONOMÍA E PROTEXER O EMPREGO

No Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, adoptáronse diferentes medidas en materia de suspensión temporal de contratos e redución da xornada (ERTE), co obxectivo de evitar que unha situación conxuntural como a actual tivese un impacto negativo de carácter estrutural sobre o emprego.

No caso da crise sanitaria provocada polo COVID-19, a necesidade de acudir a medidas de axuste no ámbito laboral vén imposta, en moitos supostos, polas circunstancias alleas á vontade da empresa descritas no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, con ánimo exhaustivo. A forza maior definida neste precepto, polo tanto, non está configurada por referencia á construción doutrinal e clásica do dito concepto no noso ordenamento civil. Trátase dun concepto de creación legal e concreción administrativa, directa e irremediamente vinculado en exclusiva á situación de excepcionalidade derivada da crise sanitaria sen precedentes a que se enfrontan o noso país e todo o planeta. Define este artigo 22 os supostos a que se atribúe de maneira obxectiva esa condición ou carácter involuntario, perentorio e obstativo, e corresponde á autoridade laboral constatar a concorrencia dos feitos descritos, o necesario vínculo entre aquel e a actividade produtiva singular da empresa, así como a proporcionalidade entre as medidas propostas, nos seus termos persoais e obxectivos, e o suceso configurado como de forza maior.

A diferenza doutros sucesos catastróficos, a forza maior descrita no artigo 22 do real decreto lei vincúlase a unhas circunstancias concretas de carácter cambiante que son decididas en cada caso pola lei; de aí a súa definición, os elementos que satisfán en cada caso a concorrencia da causa e o papel atribuído á autoridade laboral. En consecuencia, tal e como se procede a aclarar coa modificación do artigo 22, recollida no presente real decreto lei, a forza maior poderá ser parcial. Neste sentido, esta pode non estenderse a todo o cadro de persoal respecto daquelas empresas que desenvolven actividades consideradas esenciais durante esta crise, concorrendo a causa obstativa descrita no artigo 22 na parte de actividade ou na parte do cadro de persoal non afectado polo dito carácter esencial.

Así mesmo, refórzase a protección das traballadoras e dos traballadores fixos-descontínuos ampliando a cobertura regulada no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a aquelas persoas traballadoras que non se puidesen reincorporar á súa actividade nas datas previstas como consecuencia do COVID-19 e que, ou ben dispoñen de períodos de ocupación cotizada suficiente e non cumpren o requisito de situación legal de desemprego, ou ben non poden acceder á prestación por desemprego por careceren do período de cotización necesario para accederen á dita prestación.

Os traballadores e traballadoras autónomas tiñan de prazo ata o mes de xuño de 2019 para realizaren a opción por algunha mutua colaboradora coa Seguridade Social para a xestión de determinadas prestacións de Seguridade Social. Un colectivo duns 50.000 autónomos non o fixeron e nestes momentos teñen que realizar de forma masiva a solicitude de cesamento de actividade, polo que se dispón neste real decreto lei que poden optar por unha mutua, ao tempo de solicitar o cesamento, e así garantir que a nova entidade lles poida recoñecer o dereito e facilitar a súa tramitación.

Igualmente, poderán solicitar a prestación da incapacidade temporal a partir dese momento tamén na mutua pola que opten.

Por outro lado, para garantir a seguridade xurídica e a coherencia coas medidas de suspensión de prazos adoptadas con carácter xeral no seo das administracións públicas, suspéndense os prazos que rexen no ámbito de funcionamento e actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, coa excepción dos casos en que a intervención do dito organismo sexa necesaria para garantir a protección do interese xeral ou por estar relacionados co COVID-19.

Por outra parte, o Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, desenvolveu un réxime sancionador adaptado ás circunstancias actuais coa implementación dos mecanismos de control e sanción necesarios que eviten comportamentos fraudulentos na percepción das prestacións. No presente real decreto lei refórzanse estes mecanismos de control e sanción. Concretamente, régúlase a sanción dos comportamentos das empresas que presenten solicitudes que conteñan falsidades e incorreccións nos datos facilitados e establécese unha responsabilidade empresarial que implica a devolución, por parte da empresa, das prestacións indebidamente percibidas polos seus traballadores e traballadoras, cando non medie dolo ou culpa destes.

Ademais, dado o contexto actual de emerxencia sanitaria, permítese, de maneira extraordinaria e limitada no tempo, que o Fondo de Educación e Promoción das Cooperativas, que desempeña un papel clave na formación e educación dos socios, na difusión do cooperativismo, así como na promoción cultural, profesional e asistencial da contorna local e da comunidade en xeral, se poida destinar a calquera actividade que contribúa a frear ou paliar os efectos da crise sanitaria derivada do COVID-19, mediante accións propias, doazóns a outras entidades públicas ou privadas ou dotación de liquidez á cooperativa para garantir a continuidade do seu funcionamento.

As sociedades laborais son institucións clave para a economía social e a xeración de emprego. Por iso, co obxectivo de apoiar as iniciativas empresariais articuladas a través dunha sociedade laboral, flexibilízanse, de forma temporal e extraordinaria, algúns dos requisitos que lles permiten ás sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada a cualificación de sociedade laboral.

Por último, para garantir a protección das persoas traballadoras e seguir atendendo as necesidades de conciliación da vida laboral e familiar no contexto da crise do COVID-19, prorrogase durante dous meses o carácter preferente do traballo a distancia, así como o dereito de adaptación do horario e redución da xornada.

Noutra orde de cousas, a situación económica como consecuencia da pandemia aconsella o impulso e reforzamento do actual sistema especial para traballadores por conta propia agrarios incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, nun momento en que o sector agrario debe ocupar un posto de primeira liña na actividade económica, pola súa relevancia, tanto na poboación activa ocupada como no produto interior bruto, adecuando a súa regulación á nova realidade do campo español.

É por iso que se introduce unha reforma nos requisitos para a inclusión no referido sistema especial, mediante a que se pretende prescindir daqueles requisitos vinculados a rendas de traballo. Coa súa supresión facilítase o acceso ás garantías sociais dos pequenos agricultores, o que contribuirá á mellora da seguridade xurídica, pois determina claramente quen é un pequeno agricultor.

Esta modificación, ademais, pretende mitigar o efecto da pandemia ocasionada polo COVID-19 que, perante a posibilidade de reducir drasticamente a súa produción e, polo tanto, as súas rendas agrarias, faría inviable a súa permanencia no sistema especial, tal e como está actualmente configurado, xa que non cumpriría cos ditos requisitos. Xa que logo, esta reforma mellorará as perspectivas de viabilidade do sector contribuíndo ao establecemento dunha visión globalizada de todos os compoñentes da explotación familiar agraria, con especial incidencia na incorporación das mulleres e dos mozos, como base esencial para o desenvolvemento futuro do campo.

Co obxecto de mitigar no ámbito portuario estatal o impacto económico provocado pola situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tamén se establece unha serie de medidas excepcionais e transitorias que lle dean resposta.

As medidas recollidas neste real decreto lei responden, por un lado, a unha eventual redución da actividade mínima comprometida nos títulos habilitantes outorgados nos portos e permitirán, en concreto, ás autoridades portuarias alterar os tráxicos mínimos establecidos nos ditos títulos, coas implicacións que iso comporta. E, por outro lado, artículanse medidas específicas respecto da taxa de ocupación e da taxa do buque.

Por outra parte, a paralización da actividade económica xurdida a raíz desta emerxencia sanitaria vai provocar atrasos nos ingresos previstos dos parques científicos e tecnolóxicos, facendo imposible o cumprimento das obrigas de reembolso derivadas dos préstamos que lles foron concedidos nas convocatorias de axudas outorgadas pola Administración xeral do Estado, o que incide sobre a súa viabilidade a curto e a longo prazo.

Para que poidan seguir cumprindo co seu obxectivo de facilitar a colaboración público-privada en I+D+i e facer posible a continuidade dos parques e das entidades situadas neles, introdúcese unha disposición adicional que recolle medidas en relación coas cotas derivadas de préstamos concedidos a entidades promotoras de parques científicos e tecnolóxicos en virtude das convocatorias xestionadas exclusivamente polo Ministerio de Ciencia e Innovación ou polo ministerio competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación en anos anteriores, desde o ano 2000.

No curto prazo artículase un aprazamento para as cotas con vencemento 2020, de forma que o pagamento das ditas cotas se difira á mesma data do ano 2021. Así mesmo, prevese unha actuación que posibilite o refinanciamento das cotas debidas con vencemento anterior a 2020, de tal forma que a débeda se distribúa entre as anualidades futuras dos ditos préstamos, sen adiantar o prazo máximo de amortización do préstamo orixinario.

Así mesmo, inclúese unha disposición adicional para permitir o endebedamento do Consorcio Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación (BSC-CNS) co fin de posibilitar o cumprimento dos compromisos internacionais relacionados co proxecto EuroHPC.

Este consorcio, de titularidade pública, constituído entre a Administración xeral do Estado, a Xeneralidade de Cataluña e a Universidade Politécnica de Cataluña, é un centro de I+D+I punteiro e está colaborando activamente na investigación fronte á pandemia ocasionada polo coronavirus COVID-19, mediante a análise do xenoma do virus grazas á bioinformática. O centro colabora actualmente no estudo da propagación e impacto do coronavirus, para o que os investigadores están analizando os datos a través da intelixencia artificial e o procesamento da linguaxe natural. A tecnoloxía utilizada baséase na capacidade de cálculo do superordenador MareNostrum 4, cuxo proceso utilizado na busca de tratamentos é o coñecido como *docking*, ou acoplamento, que consiste en simular no ordenador as interaccións entre o virus e as moléculas que poderían servir para fabricar vacinas, tratamentos con anticorpos ou tratamentos con fármacos. Recentemente,

o centro foi seleccionado pola Comisión Europea como sede dun dos tres superordenadores pre-exascale que cofinanciará a Comisión durante os próximos anos.

Para iso deberá adquirir o novo superordenador MareNostrum5, que terá un rendemento máximo de cando menos 200 Pflops (200.000 billóns de operacións por segundo), que multiplicará por 18 o do núcleo do actual MareNostrum 4 (13,7 Pflops), o superordenador principal actual do centro.

Por outro lado, e como complemento do sinalado pola disposición adicional décimo terceira do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, que estableceu as regras aplicables aos contratos de traballo subscritos con cargo ao financiamento de convocatorias públicas de recursos humanos no ámbito da investigación e á integración de persoal contratado no Sistema nacional de saúde, inclúese unha disposición adicional que lles permita, así mesmo, ás entidades que formen parte do sistema español de ciencia, tecnoloxía e investigación a posibilidade de prorrogar os contratos de predoutoramento que poidan ter subscrito alén das concretas convocatorias públicas de recursos humanos; por exemplo, no ámbito de proxectos de investigación estatais, autonómicos ou europeos, ou no marco de convenios ou contratos con outras entidades públicas ou privadas. Esta prórroga unicamente poderá ter lugar con cargo ao financiamento da entidade subscritora do contrato, xa sexa con fondos propios ou con fondos provenientes de convenios ou contratos con outras entidades públicas ou privadas.

VI

MEDIDAS DE PROTECCIÓN AOS CIDADÁNS

En primeiro lugar, co obxectivo de dar unha cobertura a todas as persoas que no contexto actual non teñan acceso á prestación por desemprego, adóptanse novas medidas de protección. Concretamente, atribúeselles a consideración de situación legal de desemprego a aquelas persoas traballadoras cuxos contratos foron extinguidos durante o período de proba desde o 9 de marzo, así como a aqueles que o extinguisen voluntariamente desde o 1 de marzo por ter unha oferta laboral en firme que non chegou a materializarse como consecuencia do COVID-19.

En relación coa extinción do contrato durante o período de proba, esta situación de necesidade actualizouse no momento en que foi declarado o estado de alarma que, efectivamente, determinou a imposibilidade de estas persoas encontraren un novo emprego; pero o feito causante, de conformidade cos datos existentes, produciuse antes, durante a semana do luns día 9 ao xoves 13, para máis dun 12 % das persoas afectadas.

Para o segundo dos grupos que hai que protexer, a situación de necesidade equivale á frustración do esperado novo contrato de traballo. No entanto, a decisión voluntaria de rescindir o contrato previo puido producirse, e os datos demostran que efectivamente para moitas persoas así foi, con anterioridade á declaración do estado de alarma, a partir do 1 de marzo.

Protexer as persoas que actualmente son máis vulnerables exige que, de modo excepcional, dentro incluso do xa extraordinario desta situación que estamos vivindo, a data que hai que considerar para a construción destas novas medidas non sexa a do 14 de marzo, a diferenza do resto de normas adoptadas desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, senón aquelas en relación coas cales os datos indican que as medidas serán realmente efectivas.

En segundo lugar, na liña de contribuir a aliviar as necesidades de liquidez dos fogares, desenvólvese a medida relativa á ampliación das continxencias en que se poden facer efectivos os dereitos consolidados dos plans de pensións, recollida no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

Para iso establécense as condicións e termos en que se poderán facer efectivos os dereitos consolidados, regulando, entre outras cuestións, a acreditación das circunstancias que dan dereito á dispoñibilidade dos plans, o prazo a que se vinculan as ditas circunstancias e o importe máximo de que se pode dispoñer.

A formalización de instrumentos públicos en que se reflicta a moratoria, tanto legal como aquela que as partes puidesen acordar, está suxeita ao réxime arancelario previsto no artigo 16 ter do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que consiste, basicamente, na incorporación dunha bonificación do 50 % nos termos establecidos no dito precepto. Esta redución aplícase tanto ao outorgamento da escritura pública como á súa inscrición rexistral.

Considerouse adecuado que este mesmo beneficio sexa estendido ás formalizacións de instrumentos públicos no ámbito dos contratos de financiamento non hipotecario, recollidos nos artigos 21 a 27 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, xa se trate de instrumento notarial ou de póliza, caso este en que a bonificación deberá ser equivalente.

Pola súa vez, introdúcese unha disposición adicional que regula o outorgamento unilateral polo acreedor dos instrumentos notariais en que se formaliza a ampliación de prazo derivada da moratoria legal dos préstamos ou créditos garantidos con hipoteca, ou mediante outro dereito inscristible distinto, e xustifícase que o que se documenta é o recoñecemento unilateral do acreedor dunha obriga establecida *ex lege*.

Non se pode ignorar que resulta imprescindible o outorgamento do instrumento notarial por canto é un documento público, co valor e certeza que iso supón respecto dos elementos esenciais do negocio e por canto, no caso de bens ou dereitos inscristibles, o outorgamento facilita a inscrición no rexistro público correspondente, neste caso, o Rexistro de Bens Mobles. Por outra parte, o acceso ao Rexistro de Bens Mobles exige título público e, polo tanto, resulta imprescindible a formalización do instrumento notarial porque a través do dito rexistro se tutelan non só os propios dereitos e intereses do debedor, senón tamén os do acreedor e, moi especialmente, os de toda a cidadanía mediante o mantemento da fe pública coa integridade e exactitude do Rexistro, isto é, mediante o mantemento dun nivel de seguridade xurídica que permite a seguridade no tráfico de bens inscristibles que, desta maneira, manteñen o seu valor económico no dito tráfico, pois calquera terceiro coñece as cargas a que está sometido o ben.

Así, para conxugar estes principios coa adecuada protección do debedor, resulta imprescindible considerar que o que se documenta no instrumento notarial e que, se é o caso, accederá ao Rexistro é a declaración unilateral de vontade do acreedor que, como outorgante, asumirá o custo dos dereitos arancelarios, recoñecendo a obriga establecida *ex lege* en favor dun debedor concreto.

Por último, en relación co dereito de resolución de determinados contratos sen penalización por parte dos consumidores e usuarios, é necesario clarificar a redacción para determinar con máximo rigor o momento de nacemento dos dereitos.

Xa que logo, establécese que o *dies a quo* do dereito para resolver o contrato é aquel en que resulta imposible a súa execución e o *dies ad quem* aos 14 días daquel. Neste sentido, establécese que o prazo de 60 días para entender que non se chegou a un acordo entre as partes empezará a computar no momento en que o consumidor ou usuario solicita a resolución do contrato, pois é nese momento cando o empresario ten coñecemento oficial do feito.

A disposición adicional terceira fixa o importe máximo da liña de avais establecida no artigo 9 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, para dar cobertura ao financiamento de arrendatarios de vivenda habitual que se encontren en situación de vulnerabilidade como consecuencia do impacto social e económico da pandemia.

Esta disposición permitirá a concesión de préstamos avalados ao 100 % polo Estado e sen custo para o beneficiario de gastos nin xuros a familias que, como consecuencia da pandemia, se encontren en dificultades para facer fronte á renda dos seus alugamentos de vivenda habitual, por un importe total de ata 1.200 millóns de €. O obxectivo é que todas as familias que reúnan as condicións que se definirán por orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e que soliciten eses préstamos avalados, teñan acceso a estes a través das entidades financeiras.

O Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia, estableceu que o prazo para executar as obras de reconstrución e rehabilitación ou de reparación de danos a que se destinan as axudas se determinaríase na resolución de concesión, que non excedería os 24 meses e 12 meses, respectivamente.

No entanto, os prazos inicialmente previstos resultaron ser insuficientes, dado o volume de actuacións e de tramitación que supuxo para as administracións concernidas. Por iso, facúltase a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia para que, no marco da súa regulación do procedemento de concesión e xustificación das axudas, en tanto que concedente destas, sexa quen fixe os supostos e os efectos a que podería estenderse a ampliación de prazo. Con iso, preténdese garantir a plena reconstrución dun municipio que se viu afectado por un suceso que destruíu practicamente a localidade. En calquera caso, establécese que o prazo máximo que se fixe para a execución das obras de reconstrución ou rehabilitación da vivenda ou para a reparación de danos non poderá ser posterior ao 31 de outubro de 2023.

Así mesmo, apróbase a extensión para o ano 2020 dunha redución na cotización durante a situación de inactividade no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios, establecido no réxime xeral da Seguridade Social, para aqueles traballadores que realizasen un máximo de 55 xornadas reais cotizadas no ano 2019. Ao igual que se fixo no ano 2019 respecto do mesmo colectivo, mediante esta medida facilítase o cumprimento da obriga de pagamento da cotización á Seguridade Social que deben afrontar os traballadores agrarios por conta allea que se encontren en situación de inactividade, tendo en conta tanto o incremento anual desa cotización como o aumento do número de traballadores que pasaron á referida situación no sector agrario, a consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19.

Por outro lado, procédese a modificar o artigo 35 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, co obxecto de outorgar unha maior seguridade xurídica ao procedemento administrativo que se seguirá para o aprazamento no pagamento de débedas coa Seguridade Social que nel se regula, dado o elevado número de solicitudes que veñen producíndose desde a súa entrada en vigor. En tal sentido, simplifícase o procedemento de resolución do aprazamento, con independencia do número de mensualidades que comprenda, fíxase un criterio homoxéneo na determinación do prazo de amortización mediante o pagamento gradual da débeda e establécese o efecto xurídico da solicitude ata a resolución do procedemento, en relación coa suspensión dos prazos administrativos recollida na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; por último, este aprazamento declárase incompatible coa moratoria regulada no artigo 34 do mesmo Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

Á luz da atribución de competencias prevista no Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, a organización do novo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións fai necesarias algunhas modificacións normativas para facer efectiva a integración do réxime de clases pasivas no citado ministerio.

Nesta liña, o calendario para levar a cabo as modificacións legais necesarias para a integración efectiva do réxime de clases pasivas no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións viuse radicalmente alterado pola crise sanitaria provocada polo COVID-19 en que se centraron os esforzos da acción do Goberno nas últimas cinco semanas. Neste sentido, é razoable considerar que eses cambios normativos non poden ser aprobados mediante o procedemento ordinario de tramitación parlamentaria, pois iso implicaría que, ata a aprobación de tales reformas lexislativas, a estrutura organizativa derivada do Real decreto 2/2020 non podería materializarse e, polo tanto, os órganos competentes non poderían desenvolver as funcións que teñen atribuídas de acordo co citado real decreto, circunstancia que xeraría inseguridade xurídica e incerteza nunha

materia, as pensións, particularmente sensible para o conxunto da cidadanía. Tal motivo xustifica a extraordinaria e urxente necesidade da situación e a conexión con ela das medidas adoptadas.

Por último, adóptanse unha serie de medidas para traspasar ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social a xestión da prestación extraordinaria de cesamento de actividade recollida no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, daqueles autónomos que non exercen a opción prevista no artigo 83.1.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, dentro do prazo establecido pola disposición transitoria primeira do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.

Para tal efecto, modifícase o punto 7 do artigo 17 do Real decreto lei 8/2020 pola disposición derradeira quinta; pola súa parte, a disposición transitoria segunda concreta o procedemento que se seguirá para a elección dunha mutua e prevé o criterio que se aplicará en caso de que non se exerza o dereito de opción no prazo de tres meses desde a finalización do estado de alarma. Estas medidas son urxentes, necesarias e proporcionadas, tendo en conta a elevada carga e as dificultades de xestión a que se enfrontan as entidades xestoras no momento actual.

Noutra orde de cousas, a pandemia paralizou toda a actividade deportiva profesional e non profesional, reducindo as vías de financiamento das federacións deportivas, campionatos e deportistas exclusivamente ás subvencións estatais. Neste contexto, o fútbol, como gran motor económico do deporte español, será clave pola súa capacidade de tracción respecto do resto do sector en España na etapa de reconstrución que deberá acometerse con carácter inmediato. Para contribuír a financiar e dotar de estabilidade o deporte federado, olímpico e parolímpico na antesala duns xogos olímpicos, así como á internacionalización do deporte español a través da contribución solidaria dos dereitos audiovisuais xerados polo fútbol, modifícase o Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, facilitando a transferencia de recursos privados xerados polo fútbol cara a políticas públicas. Para tal efecto, créase a «Fundación España Deporte Global», fundación do sector público estatal, como instrumento máis adecuado para a consecución destes fins de interese xeral en réxime de autonomía e descentralización funcional. A fundación estará adscrita á Administración xeral do Estado, a través do Consello Superior de Deportes, e contará coa participación da Real Federación Española de Fútbol, da Liga de Fútbol Profesional e das restantes federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais. A parálise actual das competicións e, por tanto, de falta de xeración de ingresos da actividade deportiva require adoptar, de forma inmediata, medidas para garantir a sustentabilidade das federacións deportivas e dos programas de preparación para os Xogos Olímpicos de Tokio; e é fundamental para iso a posta en marcha da referida fundación, para efectos de canalizar a inxección económica que, como consecuencia da modificación do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, se achegaría a esta.

Por outra parte, cabe destacar a inclusión dunha disposición derradeira cuarta, pola que se modifica a letra d) do punto 4 do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando regula o acto de apertura dos sobres ou arquivos electrónicos dos licitadores que conteñan a oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a simple aplicación de fórmulas, dentro do procedemento aberto simplificado, eliminando a exigencia de que a apertura dos sobres teña lugar, en todo caso, mediante acto público.

A reforma do precepto encamínase a permitir que a apertura da oferta económica, tal e como se prevé no artigo 157.4 LCSP, para os procedementos abertos, do que o procedemento aberto simplificado non deixa de ser unha especialidade, sexa realizada en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación se poidan empregar medios electrónicos.

A modificación do precepto non só supón unha mellora técnica desexable que está en liña coa regra xeral de presentación de ofertas por medios electrónicos establecida na disposición adicional décimo quinta da LCSP, que xa garante a integridade e o segredo das proposicións e permite o acceso á documentación correspondente aos aspectos dependentes da aplicación dunha fórmula, senón que permite resolver o problema conxuntural que se presenta naqueles procedementos de adxudicación cuxa tramitación se reiniciase por resultaren indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais da Administración pública, pero en que non é posible proceder á apertura dos sobres polas restricións derivadas das medidas de contención adoptadas para mitigar a propagación da pandemia COVID-19.

Tamén se introduce neste real decreto lei unha disposición adicional novena pola que se fixan regras específicas aplicables ás axudas con cargo ao financiamento de convocatorias públicas no ámbito universitario.

As ditas regras van encamiñadas a garantir que as dificultades na realización das actividades para as que se outorgaron as axudas derivadas da declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, non impidan o adecuado desempeño dos estudantes universitarios, do persoal investigador e/ou do profesorado universitario. Así, habilítase normativamente a posibilidade de modificar as condicións das ditas axudas, de tal forma que se garanta a continuidade de proxectos, incluídos os relativos ás especialidades relacionadas co ámbito sanitario.

Por último, esta norma tamén inclúe medidas destinadas a favorecer a devolución dos denominados «préstamos renda-universidade», que actualizan as adoptadas no Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, da tecnoloxía, da innovación e da universidade. Debido ás consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria, determinados prestameiros non poden facer fronte ao reembolso dos préstamos, de maneira que se abre a posibilidade de optar pola novación destes instrumentos contractuais dentro dun novo prazo, mantendo as condicións establecidas no citado real decreto lei.

VII

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral. A adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e a urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 de xullo, F. 3), axudar a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno. Ningunha dúbida ofrece que a situación que afronta o noso país pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, unida á declaración de estado de alarma, xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas.

No actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública, á vez que se adoptan, vía lexislación de excepción, medidas de contido económico e social para afrontar

as súas consecuencias na cidadanía, en particular, nos colectivos vulnerables, e nos axentes económicos, sen esquecer o propio sector público.

Así mesmo, perante este escenario inédito, polo prolongado no tempo e pola amplitude do seu espectro, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e da saúde pública.

Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que en ningún caso o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Pola súa vez, as medidas establecidas polo real decreto lei non lesionan os dereitos constitucionais que ás partes asisten e respectan o contido esencial da propiedade privada e a libre empresa consagrados nos artigos 33 e 38, respectivamente, da Constitución española. Estas medidas axústanse aos parámetros de constitucionalidade que veu establecendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional para medidas semellantes de intervención estatal en relacións xurídico-privadas, ao non implicar o baleiramento do contido económico da renda acordada e non supoñer unha perda esencial, ou baleiramento, da utilidade económica do ben arrendado (Sentenza TC 89/1994). Neste sentido, e de acordo coa xurisprudencia constitucional, a utilidade económica da propiedade dada en arrendamento implica a percepción da correspondente mercé arrendaticia.

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos leis «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso do presente real decreto lei non se afecta ningunha destas materias.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afecta a natureza dos dereitos e deberes dos cidadáns, non se incorporan afeccións ao réxime das comunidades autónomas, posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten ningunha relación co réxime electoral, de modo que nada hai no seu contido que obste á súa aprobación neste punto.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente real decreto lei axústase aos principios de boa regulación.

Xa que logo, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa fundaméntase no interese xeral que supón atender as circunstancias sociais e económicas excepcionais derivadas da crise de saúde pública provocada polo COVID-19, e é este o momento de adoptar medidas adicionais para axudar estas necesidades e constitúe o real decreto lei o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr o obxectivo de garantir o benestar de todos os cidadáns e dos traballadores en particular e minimizar o impacto na actividade económica perante a situación excepcional actual.

Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, sendo coherente co dereito da Unión Europea e co resto do ordenamento xurídico e seguindo os principios reitores da política social e económica.

En canto ao principio de transparencia, exceptúanse os trámites de consulta pública e de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón carga administrativa que non se encontre xustificada e resulte a mínima e, en todo caso, proporcionada, en atención á particular situación existente e á necesidade de garantir o principio de eficacia na aplicación das medidas adoptadas.

Polo tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 18.^a, 20.^a e 30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; do réxime aduaneiro e arancelario e comercio exterior; sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; bases do réxime xurídico das administracións públicas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; e portos de interese xeral.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por iniciativa da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e por proposta dos ministros de Xustiza, de Facenda, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de Consumo, de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, de Ciencia e Innovación, de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de Universidades, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de abril de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas para reducir os custos de pemes e autónomos

Artigo 1. *Arrendamentos para uso distinto do de vivenda con grandes tedores.*

1. A persoa física ou xurídica arrendataria dun contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, ou de industria, que cumpra os requisitos previstos no artigo 3, poderá solicitar da persoa arrendadora, cando esta sexa unha empresa ou entidade pública de vivenda, ou un gran tedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de 10 inmobles urbanos, excluindo garaxes e rochos, ou unha superficie construída de máis de 1.500 m², no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a moratoria establecida no punto 2 deste artigo, que deberá ser aceptada polo arrendador sempre que non se alcanzase xa un acordo entre ambas as partes de moratoria ou redución da renda.

2. A moratoria no pagamento da renda arrendaticia sinalada no punto primeiro deste artigo aplicarase de maneira automática e afectará o período de tempo que dure o estado de alarma e as súas prórrogas e as mensualidades seguintes, prorrogables unha a unha, se aquel prazo for insuficiente en relación co impacto provocado polo COVID-19, sen que se poidan superar, en ningún caso, os catro meses. A dita renda aprazarase, sen penalización nin devindicación de xuros, a partir da seguinte mensualidade de renda arrendaticia, mediante o fraccionamento das cotas nun prazo de dous anos, que se contarán a partir do momento en que se supere a situación aludida anteriormente, ou a partir da finalización do prazo dos catro meses antes citado, e sempre dentro do prazo de vixencia do contrato de arrendamento ou calquera das súas prórrogas.

Artigo 2. *Outros arrendamentos para uso distinto do de vivenda.*

1. A persoa física ou xurídica arrendataria dun contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, ou de industria, cuxo arrendador sexa distinto dos definidos no artigo 1.1, e cumpra os requisitos previstos no artigo 3, poderá solicitar da persoa arrendadora, no prazo dun mes, desde a entrada en vigor deste real decreto lei o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda sempre que o dito aprazamento ou unha rebaixa da renda non fose acordada por ambas as partes con carácter voluntario.

2. Exclusivamente no marco do acordo a que se refiren os puntos anteriores, as partes poderán dispoñer libremente da fianza prevista no artigo 36 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, que poderá servir para o pagamento total ou parcial dalgunha ou algunhas mensualidades da renda arrendaticia. En caso de que se dispoña total ou parcialmente desta, o arrendatario deberá repoñer o importe da fianza disposta no prazo dun ano desde a celebración do acordo ou no prazo que reste de vixencia do contrato, en caso de que este prazo sexa inferior a un ano.

Artigo 3. *Autónomos e pemes arrendatarios para efectos do artigo 1 e do artigo 2.*

Poderán acceder ás medidas previstas nos artigos 1 e 2 deste real decreto lei os autónomos e pemes arrendatarios cando cumpran os seguintes requisitos:

1. No caso de contrato de arrendamento dun inmovible afecto á actividade económica desenvolvida polo autónomo:

a) Estar afiliado e en situación de alta, na data da declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar ou, se é o caso, nunha das mutualidades substitutorias do RETA.

b) Que a súa actividade quedase suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou por ordes ditadas pola autoridade competente e as autoridades competentes delegadas ao abeiro do referido real decreto.

c) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, deberase acreditar a redución da facturación do mes natural anterior a aquel en que se solicita o aprazamento en, cando menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do trimestre a que pertence o dito mes referido ao ano anterior.

2. En caso de contrato de arrendamento de inmovible afecto á actividade económica desenvolvida por unha peme.

a) Que non se superen os límites establecidos no artigo 257.1 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

b) Que a súa actividade quedase suspendida como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou por ordes ditadas pola autoridade competente e as autoridades competentes delegadas ao abeiro do referido real decreto.

c) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida en virtude do previsto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, deberase acreditar a redución da súa facturación do mes natural anterior a aquel en que se solicita o aprazamento en, cando menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do trimestre a que pertence o dito mes referido ao ano anterior.

Artigo 4. *Acreditación dos requisitos.*

O cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 será acreditado polo arrendatario ante o arrendador mediante a presentación da seguinte documentación:

a) A redución de actividade acreditarase inicialmente mediante a presentación dunha declaración responsable na que, con base na información contable e de ingresos e gastos, se faga constar a redución da facturación mensual en, cando menos, un 75 por cento, en relación coa facturación media mensual do mesmo trimestre do ano anterior. En todo caso, cando o arrendador o requira, o arrendatario terá que mostrar os seus libros contables ao arrendador para acreditar a redución da actividade.

b) A suspensión de actividade acreditarase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, se é o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

Artigo 5. *Consecuencias da aplicación indebida do aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda.*

Os arrendatarios que se beneficiasen do aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda sen reunir os requisitos establecidos no artigo 3 serán responsables dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas excepcionais, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde a que a conduta destes puider dar lugar.

CAPÍTULO II

Medidas para reforzar o financiamento empresarial

Artigo 6. *Subvencións da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. baixo a modalidade de préstamo.*

1. A E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, M.P. (IDAE), atendendo á situación económico-financeira daqueles beneficiarios dos seus programas de subvencións ou axudas reembolsables formalizadas baixo a modalidade de préstamos, excluídas administracións e entidades públicas tanto do sector público estatal como autonómico e local, así como os seus organismos e entidades públicas vinculadas ou dependentes, cando a crise sanitaria provocada polo COVID-19 lles orixinase períodos de inactividade ou redución no volume das vendas ou facturación que lles impida ou dificulte cumprir coas súas obrigas de pagamento derivadas do outorgamento destas, poderá acordar, logo de solicitude e declaración responsable xustificativa, segundo as condicións que se establecen no seguinte punto, a concesión de aprazamento das cotas dos préstamos subscritos, sempre que os ditos prestameiros non se encontrasen en situación concursal e estivesen ao día no cumprimento de todas as súas obrigas fronte á Facenda pública e coa Seguridade Social, todo iso no momento de formular a súa correspondente solicitude de aprazamento e, así mesmo, sempre que estivesen ao día no cumprimento das súas obrigas derivadas dos préstamos concertados á entrada en vigor do estado de alarma.

Poderán ser obxecto de aprazamento as cotas que se encontren pendentes de pagamento e cuxo vencemento se producise ou se produza nos meses de marzo, abril, maio e xuño de 2020 (todos inclusive). Este aprazamento quedará automaticamente ampliado ás sucesivas cotas, salvo solicitude expresa en contrario por parte do interesado, ata transcorridos dous meses despois da finalización do estado de alarma. As cotas aprazadas deberán ser aboadas antes da fin do período de vixencia do respectivo préstamo e non poderán entenderse capitalizadas e, por tanto, devindicar novos xuros ordinarios.

2. Sen prexuízo do anterior, as condicións que deberán cumprirse para a concesión dos aprazamentos regulados por este artigo serán as seguintes:

- a) As cotas obxecto de aprazamento non terán sido obxecto de aprazamento ou fraccionamento anterior nin reclamadas xudicial ou extraxudicialmente polo IDAE.
- b) Respectaranse os límites de intensidade de axuda permitidos pola normativa comunitaria en materia de axudas de Estado.
- c) O interesado terá formulado declaración responsable onde conste, no momento de solicitar o correspondente aprazamento, que se encontra nunha situación económica desfavorable como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19, que lle orixinou períodos de inactividade ou redución no volume das vendas ou facturación que lle impida ou dificulte cumprir coas súas obrigas de reembolso derivadas do correspondente préstamo concertado con IDAE, incluíndo non encontrarse en situación concursal.

3. O procedemento para a concesión destes aprazamentos será o que teña establecido o Consello de Administración do IDAE para a concesión de aprazamento dos seus préstamos suxeitos a dereito privado, sen prexuízo do disposto pola Lei 39/2015, do 15 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e das condicións establecidas no presente artigo.

4. A achega de datos falsos ou nesgados por parte dos interesados, que servisen de fundamento para a concesión do aprazamento, determinará o vencemento anticipado da totalidade do préstamo, sen prexuízo doutras responsabilidades aplicables.

Artigo 7. Condicións básicas da aceptación en reaseguramento por parte do Consorcio de Compensación de Seguros dos riscos do seguro de crédito asumidos polas entidades aseguradoras privadas.

1. O Consorcio de Compensación de Seguros, logo de acordo do seu Consello de Administración adoptado conforme o previsto nos artigos 3.2 e 5.1.h) do texto refundido do seu estatuto legal, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, poderá aceptar en reaseguramento os riscos asumidos polas entidades aseguradoras privadas autorizadas para operar nos ramos de seguro de crédito e de caución que así o soliciten e que subscriban ou se adhiran ao acordo correspondente coa citada entidade pública empresarial. As condicións básicas do reaseguro aceptado polo Consorcio de Compensación de Seguros serán as seguintes:

a) Modalidades da cobertura. O acordo que, se é o caso, se subscriba recollerá aquelas modalidades de cobertura, de entre as comúns no mercado de reaseguramento, que permitan complementar con rapidez e eficacia a cobertura directa que as entidades aseguradoras destes ramos ofrecen ás empresas por elas aseguradas, contribuíndo a dar seguridade ás transaccións económicas.

b) Condicións económicas. O Consorcio de Compensación de Seguros establecerá as condicións económicas que deberán aplicarse na cobertura co obxectivo de procurar o equilibrio financeiro do acordo a longo prazo, recollendo dentro das citadas condicións a compensación que corresponda polos gastos de xestión en que incorra o Consorcio de Compensación de Seguros.

c) Obxecto e vixencia temporal. A cobertura poderá aplicarse, a partir do día 1 de xaneiro de 2020, ás operacións de seguro que sexan levadas a cabo por entidades aseguradoras autorizadas no ramo de crédito cun volume de operacións significativo e cuxos asegurados estean domiciliados en España. A súa vixencia temporal manterase mentres subsistan as razóns de interese xeral que xustificaron a súa adopción e por un período mínimo de dous anos.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros levará as operacións que realice ao abeiro deste real decreto lei con absoluta separación financeira e contable respecto do resto das operacións, con integración, se é o caso, das achegas que o Estado realice para

o efecto de manter o adecuado equilibrio técnico-financieiro daquelas, logo de tramitación por parte do Consorcio de Compensación de Seguros, se for necesario, dos expedientes requiridos pola normativa orzamentaria que resulten de aplicación. Para os anteriores efectos, a situación financeira e contable que se vai considerar será a que resulte ao termo de un ou, se é o caso, sucesivos períodos trienais contados desde o inicio das operacións.

Ás operacións que o Consorcio realice ao abeiro da presente norma seralles de aplicación o réxime de constitución das provisións técnicas previsto no Real decreto 2013/1997, do 26 de decembro, considerando, como límite aplicable á reserva de estabilización destas operacións, para os efectos do previsto no punto 1 do artigo 3 da dita disposición, o equivalente ao recollido na letra a) do citado punto.

CAPÍTULO III

Medidas fiscais

Artigo 8. Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens necesarios para combater os efectos do COVID-19.

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia ata o 31 de xullo de 2020, aplicarase o tipo do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens referidos no anexo deste real decreto lei cuxos destinatarios sexan entidades de dereito público, clínicas ou centros hospitalarios, ou entidades privadas de carácter social a que se refire o punto tres do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas.

Artigo 9. Opción extraordinaria pola modalidade de pagamentos fraccionados prevista no artigo 40.3 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

1. Os contribuíntes do imposto sobre sociedades a que resulte de aplicación o punto 1 do artigo único do Real decreto lei 14/2020, do 14 de abril, polo que se estende o prazo para a presentación e ingreso de determinadas declaracións e autoliquidacións tributarias, cuxo período impositivo se iniciase a partir do 1 de xaneiro de 2020, poderán exercer a opción prevista no punto 3 do artigo 40 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, mediante a presentación no prazo ampliado a que se refire o artigo único do mencionado real decreto lei, do primeiro pagamento fraccionado á conta da liquidación correspondente ao dito período impositivo determinado por aplicación da modalidade de pagamento fraccionado regulado no dito punto.

2. Os contribuíntes do imposto sobre sociedades cuxo período impositivo se iniciase a partir do 1 de xaneiro de 2020, que non tivesen dereito á opción extraordinaria prevista no punto anterior, cuxo importe neto da cifra de negocios non superase a cantidade de 6.000.000 de euros durante os 12 meses anteriores á data en que se iniciou o mencionado período impositivo, poderán exercer a opción prevista no punto 3 do artigo 40 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, mediante a presentación en prazo do segundo pagamento fraccionado á conta da liquidación correspondente ao dito período impositivo que se deba efectuar nos primeiros 20 días naturais do mes de outubro de 2020 determinado por aplicación da modalidade de pagamento fraccionado regulado no dito punto.

O pagamento fraccionado efectuado nos 20 días naturais do mes de abril de 2020 será deducible da cota do resto de pagamentos fraccionados que se efectúen á conta do mesmo período impositivo determinados de acordo coa opción prevista no parágrafo anterior.

O disposto neste punto non resultará de aplicación aos grupos fiscais que apliquen o réxime especial de consolidación fiscal regulado no capítulo VI do título VII da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

3. O contribuínte que exerza a opción de acordo co disposto neste artigo quedará vinculado a esta modalidade de pagamento fraccionado, exclusivamente, respecto dos pagamentos correspondentes ao mesmo período impositivo.

Artigo 10. *Limitación dos efectos temporais da renuncia tácita ao método de estimación obxectiva no exercicio 2020.*

Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas cuxo rendemento neto se determine de acordo co método de estimación obxectiva e, no prazo para a presentación do pagamento fraccionado correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2020, renuncien á aplicación deste na forma prevista na letra b) do punto 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, poderán volver determinar o rendemento neto da súa actividade económica de acordo co método de estimación obxectiva no exercicio 2021, sempre que cumpran os requisitos para a súa aplicación e revoguen a renuncia ao método de estimación obxectiva no prazo previsto na letra a) do punto 1 do artigo 33 do Regulamento do imposto ou mediante a presentación en prazo da declaración correspondente ao pagamento fraccionado do primeiro trimestre do exercicio 2021 na forma disposta para o método de estimación obxectiva.

A renuncia ao método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas e a posterior revogación previstas no parágrafo anterior terá os mesmos efectos respecto dos réximes especiais establecidos no imposto sobre o valor engadido ou no imposto xeral indirecto canario.

Artigo 11. *Cálculo dos pagamentos fraccionados no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e da cota trimestral do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido como consecuencia do estado de alarma declarado no período impositivo 2020.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas incluídas no anexo II da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2020 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, e determinen o rendemento neto daquelas polo método de estimación obxectiva, para o cálculo da cantidade que se debe ingresar do pagamento fraccionado en función dos datos-base a que se refire a letra b) do punto 1 do artigo 110 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, non computarán, en cada trimestre natural, como días de exercicio da actividade, os días naturais en que estivese declarado o estado de alarma no dito trimestre.

2. Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais incluídas no anexo II da Orde HAC/1164/2019, do 22 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2020 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido e estean acollidos ao réxime especial simplificado, para o cálculo do ingreso á conta no ano 2020, a que se refire o artigo 39 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, non computarán, en cada trimestre natural, como días de exercicio da actividade, os días naturais en que estivese declarado o estado de alarma no dito trimestre.

Artigo 12. *Non inicio do período executivo para determinadas débedas tributarias no caso de concesión de financiamento a que se refire o artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, as declaracións-liquidacións e as autoliquidacións presentadas por un contribuínte no prazo

previsto no artigo 62.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen efectuar o ingreso correspondente ás débedas tributarias resultantes destas, impedirán o inicio do período executivo sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o contribuínte solicítase dentro do prazo mencionado no primeiro parágrafo ou anteriormente ao seu comezo o financiamento a que se refire o artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, para o pagamento das débedas tributarias resultantes das ditas declaracións-liquidacións e autoliquidacións e por, cando menos, o importe das ditas débedas.

b) Que o obrigado tributario achegue á Administración tributaria, ata o prazo máximo de cinco días desde a fin do prazo de presentación da declaración-liquidación ou autoliquidación, un certificado expedido pola entidade financeira acreditativo de terse efectuado a solicitude de financiamento, incluídos o importe e as débedas tributarias obxecto desta.

c) Que a dita solicitude de financiamento sexa concedida en, cando menos, o importe das débedas mencionadas.

d) Que as débedas se satisfagan efectiva, completa e inmediatamente no momento da concesión do financiamento. Entenderase incumprido este requisito pola falta de ingreso das débedas transcorrido o prazo dun mes desde que finalizase o prazo mencionado no primeiro parágrafo deste punto.

En caso de incumprimento de calquera dos requisitos enumerados, non se entenderá impedido o inicio do período executivo ao finalizar o prazo previsto no artigo 62.1 da Lei 58/2003.

2. Para o cumprimento dos seus fins, a Administración tributaria terá acceso directo e, se é o caso, telemático á información e aos expedientes completos relativos á solicitude e concesión do financiamento a que se refire o artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

CAPÍTULO IV

Medidas para facilitar o axuste da economía e protexer o emprego

Artigo 13. *Medida extraordinaria para flexibilizar de forma temporal o uso do Fondo de Promoción e Educación das Cooperativas coa finalidade de paliar os efectos do COVID-19.*

1. Durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as súas posibles prórrogas e ata o 31 de decembro de 2020, o Fondo de Educación e Promoción Cooperativo das Cooperativas regulado no artigo 56 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, poderá ser destinado, total ou parcialmente, ás seguintes finalidades:

a) Como recurso financeiro, para dotar de liquidez a cooperativa, en caso de necesitalo para o seu funcionamento.

Para estes efectos, o Fondo de Educación e Promoción Cooperativo destinado a esta finalidade deberá ser restituído pola cooperativa con, cando menos, o 30 % dos resultados de libre disposición que se xeren cada ano, ata que alcance o importe que o dito fondo tiña no momento de adopción da decisión da súa aplicación excepcional e nun prazo máximo de 10 anos.

b) A calquera actividade que redunde en axudar a frear a crise sanitaria do COVID-19 ou a paliar os seus efectos, ben mediante accións propias ou ben mediante doazóns a outras entidades, públicas ou privadas.

2. Durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou de calquera das súas prórrogas, o Consello Reitor asumirá a competencia para aprobar a aplicación do Fondo de Educación ou Promoción nos termos previstos no punto 1 cando, por falta de medios adecuados ou suficientes, a Asemblea Xeral das Sociedades Cooperativas non poida ser convocada para a súa celebración a través de medios virtuais.

A asunción excepcional por parte do Consello Reitor desta competencia estenderase ata o 31 de decembro de 2020 cando a protección da saúde das socias e socios da cooperativa continúe exixindo a celebración virtual da asemblea xeral da sociedade cooperativa e esta non sexa posible por falta de medios adecuados ou suficientes.

3. Para estes exclusivos efectos, non será de aplicación o disposto nos artigos 13.3 e 19.4 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas. Por tanto, o Fondo de Formación e Promoción Cooperativo que fose aplicado conforme a letra a) do punto 1 do presente artigo non terá a consideración de ingreso para a cooperativa.

Artigo 14. Medida extraordinaria para prorrogar o prazo previsto no artigo 1.2.b) da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

1. Con carácter extraordinario, procédese a prorrogar por 12 meses máis o prazo de 36 meses recollido na letra b) do punto 2 do artigo 1 da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas, para alcanzar o límite previsto na dita letra.

2. Esta prórroga extraordinaria será aplicable, exclusivamente, ás sociedades laborais constituídas durante o ano 2017.

Artigo 15. Prórroga da vixencia do establecido nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e modificación do seu artigo 6.

De acordo co previsto no segundo parágrafo da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, prorrógase o establecido nos artigos 5 e 6 da dita norma. O contido destes artigos manterase vixente durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, modificado pola disposición derradeira 1.17 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo. En atención ás circunstancias, caberán prórrogas adicionais por parte do Goberno do establecido no presente precepto.

Así mesmo, modifícase o título do artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que pasará a ser o seguinte: «Artigo 6. Plan MECUIDA».

Artigo 16. Medidas respecto da actividade ou tráfico mínimos establecidos nos títulos concesionais.

1. As autoridades portuarias, de conformidade coas competencias atribuídas polo texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2011, do 5 de setembro, poderán reducir motivadamente os tráfico mínimos exixidos para o ano 2020, que se encontren establecidos nos correspondentes títulos concesionais, naqueles casos en que non sexa posible alcanzar a dita actividade ou tráfico mínimos comprometidos por causa da crise do COVID-19.

2. A modificación da actividade ou do tráfico mínimo realizarase, por instancia do concesionario, motivadamente e de forma proporcionada en relación cos tráfico operados no exercicio 2019.

3. En todo caso, non se aplicarán as penalizacións por incumprimentos de actividade ou tráfico mínimos atribuíbles á crise do COVID-19 durante o exercicio de 2020.

Artigo 17. Medidas respecto da taxa de ocupación.

1. Nas liquidacións da taxa de ocupación que se notifiquen con posterioridade á entrada en vigor do presente real decreto lei, para o exercicio 2020, poderá reducirse a taxa de ocupación das concesións ou autorizacións naquelas respecto das que se acredite

que experimentaron un impacto significativamente negativo na súa actividade como consecuencia da crise do COVID-19. A avaliación do dito impacto realizarase caso a caso, tomando como base a actividade dos últimos catro anos, conforme criterios obxectivos sobre un indicador de tráfico ou, na súa falta, de ingresos imputables á dita actividade.

2. O procedemento iniciarase por instancia do interesado e a magnitude da redución será aprobada polo Consello de Administración de cada autoridade portuaria, sempre tendo en conta a situación económico-financeira desta, sen que poida superar o 60 % da cota íntegra no caso de terminais de pasaxeiros e ata o 20 % no resto de concesións ou autorizacións, e debe incorporarse á Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra norma con rango formal de lei.

3. Para o cálculo da redución serán de aplicación os criterios que establece o artigo 178 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Artigo 18. *Medidas respecto da taxa de actividade.*

1. As autoridades portuarias, por solicitude do suxeito pasivo, xustificando cumpridamente o impacto negativo na súa actividade da crise do COVID-19, poderán deixar sen efecto para o ano 2020 o límite inferior da cota íntegra anual da taxa de actividade establecido no artigo 188.b).2.º 1 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

2. As autoridades portuarias, por solicitude do suxeito pasivo, xustificando cumpridamente o impacto negativo na súa actividade da crise do COVID-19, poderán modificar para 2020 a exibilidade da taxa de actividade establecida no título habilitante, suprimindo, se é o caso, o pagamento anticipado e diferindo a súa liquidación ao final do exercicio en función da actividade efectivamente desenvolvida. En todo caso, non será requirida máis garantía que a do propio título concesional ou autorización outorgada.

Artigo 19. *Medidas respecto da taxa do buque.*

1. A partir da entrada en vigor do presente real decreto lei e durante o exercicio 2020, establécese unha exención á taxa do buque cando este deba encontrarse amarrado ou fondeado en augas portuarias, como consecuencia dunha orde da autoridade competente por razón da crise do COVID-19, mentres dure esta circunstancia.

2. Mentres dure o estado de alarma acordado polo Consello de Ministros no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, aos buques de servizos marítimos que deixen de operar aplicaráselles na taxa do buque (T-1) o coeficiente por estadía prolongada no que se refire a buques inactivos, desde o primeiro día de estadía en augas portuarias.

3. Mentres dure o estado de alarma acordado polo Consello de Ministros no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, para os buques destinados á prestación de servizos portuarios o coeficiente previsto no artigo 197.1.e). 8.º do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, reducirase ao 1,16.

4. Para todas aquelas escalas que se rexistren desde a publicación do presente real decreto lei e mentres se prolongue o referido estado de alarma, establécese un valor de 1,08 € para a contía básica S da taxa do buque, con excepción dos buques que estean adscritos a un servizo marítimo regular de pasaxe ou carga rodada, caso este en que o dito valor será de 0,60 €.

Artigo 20. *Aprazamento de débedas tributarias no ámbito portuario.*

Logo de solicitude, as autoridades portuarias poderán conceder o aprazamento da débeda tributaria correspondente das liquidacións de taxas portuarias devindicadas desde a data de entrada en vigor do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19 e ata o 30 de xuño de 2020, ambos inclusive.

As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo máximo será de seis meses.
- b) Non se devindicarán xuros de demora nin se exixirán garantías para o aprazamento.

Artigo 21. *Terminais de pasaxeiros.*

1. As perdas de ingresos que, como consecuencia da redución na cota íntegra de taxa de ocupación a que fai referencia o artigo 17 do presente real decreto lei, naquelas autoridades portuarias cuxo tráfico de pasaxeiros sufriu un descenso significativo pola aplicación das disposicións que limitan a mobilidade de persoas, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, impedindo a entrada de cruceiros con pasaxeiros nos portos e reducindo ou eliminando liñas regulares de pasaxeiros, teranse en conta como criterio na repartición do Fondo de Compensación Interportuario de 2020 e 2021, priorizando a súa asignación a aquelas autoridades portuarias cuxo resultado previsto do exercicio fose negativo sen contar a dita repartición.

2. A posta á disposición de medios humanos a favor do servizo durante o estado de alarma, por parte dos titulares das licenzas, para a prestación do servizo portuario á pasaxe nas terminais de pasaxeiros que atenden servizos marítimos regulares será considerada, para todos os efectos, como un servizo de emerxencia de acordo co previsto nos pregos reguladores do servizo.

CAPÍTULO V

Medidas de protección dos cidadáns

Artigo 22. *Situación legal de desemprego por extinción da relación laboral no período de proba producida durante a vixencia do estado de alarma.*

A extinción da relación laboral durante o período de proba por instancia da empresa producida a partir do día 9 de marzo de 2020 terá a consideración de situación legal de desemprego con independencia da causa pola que se extingue a relación laboral anterior.

Así mesmo, encontraranse en situación legal de desemprego e en situación asimilada á alta as persoas traballadoras que resolvesen voluntariamente a súa última relación laboral a partir do día 1 de marzo de 2020, por teren un compromiso firme de subscripción dun contrato laboral por parte doutra empresa, se esta desistise del como consecuencia da crise derivada do COVID-19. A situación legal de desemprego acreditarase mediante comunicación escrita por parte da empresa á persoa traballadora desistindo da subscripción do contrato laboral comprometido como consecuencia da crise derivada do COVID 19.

Artigo 23. *Normas sobre dispoñibilidade excepcional dos plans de pensións en situacións derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

Para efectos do establecido na disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, seguiranse as seguintes normas para a dispoñibilidade de dereitos consolidados en plans de pensións:

1. Poderán solicitar facer efectivos os seus dereitos consolidados nos supostos da citada disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, os partícipes dos plans de pensións do sistema individual e asociado, e os partícipes dos plans de pensións do sistema de emprego de achega definida ou mixtos para aquelas continxencias definidas en réxime de achega definida.

Os partícipes dos plans de pensións do sistema de emprego da modalidade de prestación definida ou mixtos tamén poderán dispoñer, para aquelas continxencias definidas en réxime de prestación definida ou vinculadas a esta, dos dereitos consolidados

en caso de estaren afectados por un ERTE, a suspensión de apertura ao público de establecementos ou o cesamento de actividade, derivados da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cando o permita o compromiso por pensións e o prevexan as especificacións do plan aprobadas pola súa comisión de control nas condicións que estas establezan.

2. A concorrencia das circunstancias a que se refire o punto 1 da disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020 será acreditada polo partícipe do plan de pensións que solicite a disposición mediante a presentación dos seguintes documentos perante a entidade xestora de fondos de pensións:

a) No suposto de encontrarse o partícipe afectado por un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) derivado da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, presentarase o certificado da empresa en que se acredite que o partícipe se viu afectado polo ERTE, indicando os efectos deste na relación laboral para o partícipe.

b) No suposto de ser o partícipe empresario titular de establecemento cuxa apertura ao público se vise suspendida como consecuencia do establecido no artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, presentarase declaración do partícipe na que este manifieste, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos no punto 1, letra b), da disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, para poder facer efectivos os seus dereitos consolidados.

c) No suposto de ser traballador por conta propia que estivese previamente integrado nun réxime da Seguridade Social como tal, ou nun réxime de mutualismo alternativo a esta e cesase na súa actividade durante o estado de alarma decretado polo Goberno polo COVID-19, presentarase o certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, se é o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

d) Se o solicitante non puiden achegar algún dos documentos requiridos, poderá substituílo mediante unha declaración responsable que inclúa a xustificación expresa dos motivos relacionados coas consecuencias da crise do COVID-19 que lle impiden tal achega. Tras a finalización do estado de alarma e as súas prórrogas, disporá do prazo dun mes para a achega dos documentos que non facilitase.

3. O importe dos dereitos consolidados dispoñible será o xustificado polo partícipe á entidade xestora de fondos de pensións, co límite máximo da menor das dúas contías seguintes para o conxunto de plans de pensións de que sexa titular:

1.º Dependendo de cal sexa o suposto dos indicados no punto 1 da disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo:

a) No suposto de encontrarse o partícipe afectado por un ERTE derivado da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19: os salarios netos deixados de percibir mentres se manteña a vixencia do ERTE, cun período de cómputo máximo igual á vixencia do estado de alarma máis un mes adicional, xustificados coa última nómina previa a esta situación;

b) No suposto de empresario titular de establecemento cuxa apertura ao público se vise suspendida como consecuencia do establecido no artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo: os ingresos netos estimados que se deixasen de percibir debido á suspensión de apertura ao público, cun período de cómputo máximo igual á vixencia do estado de alarma máis un mes adicional, xustificados mediante a presentación da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio anterior e, se é o caso, o pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas e as autoliquidacións do imposto sobre o valor engadido correspondentes ao último trimestre;

c) No suposto de traballadores por conta propia que estivesen previamente integrados nun réxime da Seguridade Social como tal, ou nun réxime de mutualismo alternativo a esta, e cesasen na súa actividade como consecuencia do estado de alarma decretado polo Goberno: os ingresos netos que se deixasen de percibir como consecuencia

da situación de cesamento de actividade durante un período de cómputo máximo igual á vixencia do estado de alarma máis un mes adicional, estimados mediante a declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio anterior e, se é o caso, o pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas e as autoliquidacións do imposto sobre o valor engadido correspondentes ao último trimestre.

No caso das letras b) e c), o solicitante deberá achegar ademais unha declaración responsable na que se cuantifique o importe mensual de redución de ingresos.

2.º O resultado de ratear o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual para 12 pagas vixente para o exercicio 2020 multiplicado por tres na proporción que corresponda ao período de duración do ERTE, ao período de suspensión da apertura ao público do establecemento ou ao período de cesamento da actividade, segundo, respectivamente, corresponda a cada un dos supostos a que se refiren as letras a), b) e c) do punto 1 da disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo. En todo caso, nos tres supostos o período de tempo máximo que se computará é a vixencia do estado de alarma máis un mes adicional.

4. O partícipe será responsable da veracidade da documentación acreditativa da concorrencia do suposto de feito que se requira para solicitar a prestación, así como da exactitude na cuantificación do importe que se vai percibir.

5. O reembolso deberá efectuarse dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa completa. No caso dos plans de pensións da modalidade de emprego, o dito prazo ampliarase ata trinta días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa completa.

6. O establecido nesta disposición será igualmente aplicable aos asegurados dos plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e mutualidades de previsión social a que se refire o artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas. Nestes casos, as referencias realizadas nas letras anteriores ás entidades xestoras, aos partícipes e ás especificacións de plans de pensións entenderanse referidas ás entidades aseguradoras, aos asegurados ou mutualistas, e ás pólizas de seguro ou regulamento de prestacións, respectivamente. No caso das mutualidades de previsión social que actúen como sistema alternativo á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, non se poderán facer efectivos os dereitos económicos dos produtos ou seguros utilizados para cumprir coa dita función alternativa.

7. Os puntos anteriores definen os supostos e condicións en que poderá facerse efectiva a facultade excepcional de liquidar os dereitos consolidados prevista na disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo. No non previsto en tales puntos, mantense en vigor esta última disposición adicional vixésima.

8. As contías e a documentación indicadas nos puntos anteriores poderán ser modificadas por real decreto, conforme o disposto no punto 3 da disposición adicional vixésima do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

Artigo 24. Prórroga de diversos termos e prazos de presentación de información por parte das persoas e entidades suxeitas á supervisión da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

No exercicio das súas funcións como autoridade de supervisión a que se refire o artigo 7 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, habilítase a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para que, por medio de resolución e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, poida acordar a prórroga dos seguintes termos e prazos para os exercicios que expresamente se indican:

a) No ámbito da ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras, os relativos á presentación do informe periódico de supervisión durante o ano 2020; a presentación perante a autoridade supervisora e a publicación do informe de situación

financeira e de solvencia referida ao peche do exercicio económico 2019 e do correspondente informe especial de revisión; e a presentación perante a autoridade supervisora da información cuantitativa, ou estatístico-contable, anual polo exercicio económico 2019 e trimestral polo primeiro trimestre do exercicio económico 2020. Neste ámbito, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá tamén decidir a orde temporal de presentación dos modelos establecidos para tales períodos, conforme as directrices e recomendacións da Autoridade Europea de Supervisión de Seguros e Pensións de Xubilación.

b) No ámbito da ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións, así como das entidades xestoras e depositarias destes, os prazos e termos relativos á presentación perante a autoridade supervisora do informe sobre o grao de cumprimento das normas de separación entre a entidade xestora e a depositaria; do informe sobre a efectividade dos procedementos de control interno das entidades xestoras de fondos de pensións; da revisión financeiro actuarial a que se refire o artigo 23 do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro; e da información estatística, financeira e contable, para efectos de supervisión, dos fondos de pensións que actúan en España e das súas entidades xestoras, correspondente ao peche do exercicio económico 2019 e ao primeiro trimestre do exercicio económico 2020. Neste ámbito, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, así mesmo, acordar a configuración e contido dos modelos que se deben presentar para tales períodos.

c) No ámbito da ordenación e supervisión dos distribuidores de seguros e reaseguros, os prazos e termos relativos á presentación perante a autoridade supervisora da información estatístico-contable e de negocio correspondente ao peche do exercicio económico 2019.

Artigo 25. Cotización en situación de inactividade no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Con efectos desde o un de xaneiro de 2020, aos traballadores que realizasen un máximo de 55 xornadas reais cotizadas no ano 2019 aplicaráselles ás cotas resultantes durante os períodos de inactividade en 2020 unha redución do 19,11 por cento.

Artigo 26. Creación da Fundación España Deporte Global, F.S.P.

1. Créase a Fundación España Deporte Global, F.S.P. como organización sen fin de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade, que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio ao cumprimento dos seus fins, sen outras limitacións que as establecidas polas leis e polos seus estatutos. Encóntrase adscrita á Administración xeral do Estado, a través do Consello Superior de Deportes, O.A.

2. A Fundación España Deporte Global, F.S.P. rexeráse polos seus estatutos e polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, pola lexislación autonómica que resulte aplicable en materia de fundacións, e polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lle sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control económico-financeiro e de contratación do sector público.

3. A Fundación España Deporte Global, F.S.P. ten como fin fundacional a promoción, impulso e difusión do deporte federado, olímpico e parolímpico, así como a internacionalización do deporte español.

Para o cumprimento dos ditos fins, a Fundación España Deporte Global, F.S.P. exercerá, en apoio das funcións propias do Consello Superior de Deportes, as actividades establecidas nos seus estatutos, entre as que figurarán necesariamente as seguintes:

- a) Análise, estudo e identificación das prioridades no ámbito do deporte federado.
- b) Deseño de proxectos de difusión e promoción nacional e internacional do modelo de deporte español.
- c) Xestión e xustificación de fondos recibidos para o cumprimento dos seus fins, analizando de forma continua os resultados obtidos co fin de establecer áreas de mellora que permitan unha mellor consecución dos fins fundacionais.

d) Xestión e comercialización dos dereitos audiovisuais das federacións deportivas e competicións distintas ao fútbol, cando non queiran asumilos por si mesmas.

En ningún caso poderá exercer potestades públicas.

4. O Padroado é o órgano de Goberno e representación legal da Fundación, cuxa presidencia corresponde ao titular da Presidencia do Consello Superior de Deportes, O.A.

Formarán parte do Padroado, nos termos previstos nos estatutos, entre outros, a Real Federación Española de Fútbol, a Liga de Fútbol Profesional («LaLiga»), e as restantes federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais.

5. A Fundación España Deporte Global, F.S.P, unha vez que se cumpran todos os requisitos exixidos para o seu funcionamento, será a única entidade que poderá asumir a xestión e comercialización dos dereitos audiovisuais das federacións deportivas e competicións distintas ao fútbol, cando non queiran asumilos por si mesmas.

6. Non será de aplicación para a creación da Fundación España Deporte Global, F.S.P. o disposto no punto 2 do artigo 133 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional primeira. *Extensión dos prazos de vixencia de determinadas disposicións tributarias do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

As referencias temporais efectuadas aos días 30 de abril e 20 de maio de 2020 no artigo 33 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e nas disposicións adicionais oitava e novena do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, entenderanse realizadas ao día 30 de maio de 2020.

Disposición adicional segunda. *Suspensión de prazos no ámbito de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. O período de vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as súas posibles prórrogas, non se computará para efectos dos prazos de duración das actuacións comprobatorias da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Así mesmo, non se computará tal período na duración dos prazos fixados polos funcionarios do Sistema de inspección de traballo e Seguridade Social para o cumprimento de calquera requirimento.

Exceptúanse do establecido no parágrafo anterior aquelas actuacións comprobatorias e aqueles requirimentos e ordes de paralización derivados de situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou aquelas que pola súa gravidade ou urxencia resulten indispensables para a protección do interese xeral, caso este en que se motivará debidamente, dando traslado de tal motivación ao interesado.

2. Durante o período de vixencia do estado de alarma, declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas posibles prórrogas, quedan suspendidos os prazos de prescrición das accións para exixir responsabilidades no que se refire ao cumprimento da normativa de orde social e de Seguridade Social.

3. Todos os prazos relativos aos procedementos regulados no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, están afectados pola suspensión de prazos administrativos prevista na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Disposición adicional terceira. *Límite máximo da liña de avais para a cobertura por conta do Estado do financiamento a arrendatarios en situación de vulnerabilidade social e económica, aprobada no artigo 9 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

En relación coa liña de avais para a cobertura por conta do Estado do financiamento a arrendatarios en situación de vulnerabilidade social e económica como consecuencia da expansión do COVID-19, aprobada no artigo 9 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana poderá conceder avais por un importe máximo de 1.200 millóns de euros.

Disposición adicional cuarta. *Ampliación do prazo de execución inicialmente concedido para as axudas para a reconstrución ou rehabilitación de vivendas ou para a reparación de danos causados polos sismos ocorridos en Lorca, Murcia, en 2011.*

Cando a execución das obras de reconstrución ou de rehabilitación das vivendas ou para a reparación de danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca superase os prazos de 24 e 12 meses fixados, respectivamente, no artigo 7 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, os interesados poderán solicitar a ampliación do prazo concedido, nos supostos e cos efectos que determine a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia na normativa reguladora destas axudas, de conformidade coas competencias que lle corresponden de acordo co previsto no artigo 8 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, no artigo 3 do Real decreto lei 11/2012, do 30 de marzo, de medidas para axilizar o pagamento das axudas aos damnificados polo terremoto, reconstruír os inmobles demolidos e impulsar a actividade económica de Lorca e nos convenios subscritos en execución destes.

Disposición adicional quinta. *Asistencia xurídica.*

Como consecuencia da asunción da xestión do réxime de clases pasivas do Estado polo Instituto Nacional da Seguridade Social e da asunción das funcións que para tal efecto se lle atribúen á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, resulta necesario que a esta dirección xeral lle preste asistencia xurídica o Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social.

Para tal efecto, a asistencia xurídica que deba prestar á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social o Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social comprenderá tanto o asesoramento como a representación e defensa en xuízo en materia de clases pasivas e outras prestacións, así como a asistencia xurídica naqueles asuntos que afecten os intereses das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social nos termos que determine a Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións.

Disposición adicional sexta. *Adaptación normativa da lexislación do réxime de clases pasivas.*

Con entrada en vigor na data que se determine no real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións:

1. Toda referencia feita no título I do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias no réxime de clases pasivas do Estado causadas por actos de terrorismo, á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, entenderase feita ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. Toda referencia feita no título I do Real decreto 710/2009, do 17 de abril, polo que se desenvolven as previsións da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, en materia de pensións de clases pasivas e de determinadas indemnizacións sociais, á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do

Ministerio de Economía e Facenda ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, entenderase feita ao Instituto Nacional da Seguridade Social, sen prexuízo dos informes que para a tramitación das prestacións deba emitir a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, de conformidade co artigo 13 do Real decreto 710/2009, do 17 de abril.

3. Toda referencia feita no Real decreto 1413/2018, do 2 de decembro, polo que se desenvolven as previsións da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 en materia de pensións de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado, á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, entenderase realizada ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

4. Toda referencia feita no Real decreto 1678/1987, do 30 de decembro, polo que se regula a profesión de habilitado de clases pasivas nos aspectos desta relacionados cos fins administrativos en materia de clases pasivas e co interese xeral, que segue sendo de aplicación en virtude da disposición transitoria cuarta da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e no Real decreto 1729/1994, do 29 de xullo, sobre o procedemento sancionador aplicable aos habilitados de clases pasivas, á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, entenderase realizada ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

5. Toda referencia feita no artigo 6 Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das comunidades europeas e os réximes públicos de previsión social españois, á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, entenderase realizada ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

6. Toda referencia feita polas normas reguladoras do réxime de clases pasivas á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, entenderase realizada ao Instituto Nacional da Seguridade Social en materia de xestión de prestacións, sen que queden afectadas as competencias que a Sanidade Militar ten para realizar os recoñecementos médicos nos expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas e a súa posible relación co servizo e, se é o caso, coa consideración de atentado terrorista, así como para declarar o grao de discapacidade. Os ditames da Sanidade Militar terán carácter preceptivo e vinculante.

Corresponde aos órganos competentes do Ministerio de Defensa a resolución dos expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas do persoal militar, coa correspondente declaración de paso a retiro, resolución do compromiso ou utilidade con limitacións para determinados destinos, incluídos os que sexan en acto de servizo ou como consecuencia de atentado terrorista, así como a declaración de paso a retiro do persoal militar de conformidade coa lexislación militar vixente.

Así mesmo, toda referencia de contido orzamentario debe entenderse realizada aos orzamentos da Seguridade Social.

Disposición adicional sétima. *Financiamento estatal dos gastos imputables á xestión do réxime de clases pasivas.*

O Estado transferirá á Seguridade Social o importe necesario para o financiamento da totalidade do gasto en que incorran o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Intervención Xeral da Seguridade Social, a Xerencia de Informática da Seguridade Social e o Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social pola xestión do réxime de clases pasivas do Estado.

Disposición adicional oitava. *Xestión pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social de determinadas prestacións públicas.*

Con entrada en vigor na data que se determine no real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, a

Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social asumirá as seguintes competencias nas prestacións reguladas nas normas que a continuación se relacionan, sen prexuízo da competencia que corresponda a outros órganos da Administración na realización de trámites necesarios para a debida xestión destas prestacións:

1. As recollidas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo.
2. O recoñecemento de obriga e proposta de pagamento das prestacións recollidas nos parágrafos do artigo 7.1.b) do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público.
3. A xestión das prestacións recollidas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.
4. A xestión das prestacións reguladas no Real decreto 1618/2007, do 7 de decembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos.
5. A xestión das prestacións reguladas na Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil.
6. A xestión das prestacións reguladas na Lei 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados excombatentes da zona republicana.
7. A xestión das prestacións reguladas na Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados a quen durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas, Forzas de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República.
8. A xestión das prestacións reguladas no Decreto 670/1976, do 5 de marzo, polo que se regulan pensións a favor dos españois que, tendo sufrido mutilación a causa da pasada contenda, non se poidan integrar no Corpo de Cabaleiros Mutilados de Guerra pola Patria.
9. A xestión das prestacións reguladas na Lei 6/1982, do 29 de marzo, de pensións aos mutilados civís de guerra.
10. O recoñecemento de obriga e proposta de pagamento das pensións cuxa proposta de pagamento vén realizando, ata a data de entrada en vigor desta norma, a Dirección Xeral de Custos de Persoal con cargo á sección 07.
11. O recoñecemento de obriga e proposta de pagamento do capital custo das pensións extraordinarias por terrorismo previstas no Real decreto 1576/1990, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión no sistema da Seguridade Social de pensións extraordinarias motivadas por acto de terrorismo.

Disposición adicional novena. *Regras aplicables ás axudas con cargo ao financiamento de convocatorias públicas no ámbito universitario*

1. Os beneficiarios de axudas con cargo ao financiamento procedente de convocatorias realizadas polo Ministerio de Universidades dirixidas a estudantes universitarios, persoal investigador e/ou profesores universitarios poderán solicitar, logo de xustificación, as modificacións oportunas nas condicións das súas axudas, cuxa realización se vise prexudicada como consecuencia das medidas tomadas tanto en España como nos países de destino a causa da pandemia ocasionada polo COVID-19.
2. Os custos derivados das ditas modificacións serán financiados con cargo aos orzamentos do órgano convocante. Autorízanse os titulares dos órganos superiores e directivos convocantes para a realización das modificacións e variacións orzamentarias que resulten necesarias para dar lugar ao dito financiamento, así como á reanualización dos expedientes de gasto correspondentes.
3. Os órganos convocantes poderán ditar as resolucións que resulten precisas para adaptar as condicións previstas nas súas correspondentes convocatorias de axudas recollidas neste real decreto lei e, mediante estas, poderán modificar as condicións e prazos da execución e xustificación das axudas, así como cantas cuestións poidan

afectar o adecuado desenvolvemento das axudas nas súas distintas modalidades e outros conceptos de gasto por motivo das medidas tomadas tanto en España como nos países de destino a causa da pandemia e da aplicación do establecido nesta disposición.

Disposición adicional décima. *Opción por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social dos traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que optasen inicialmente por unha entidade xestora.*

Os traballadores incluídos no ámbito de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que non exercen a opción prevista no artigo 83.1.b) texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, nin a opción por unha mutua, en virtude do disposto no punto 7 do artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, deberán dar cumprimento ao disposto no artigo 83.1.b), anteriormente citado, exercendo a opción e formalizando o correspondente documento de adhesión no prazo de tres meses desde a finalización do estado de alarma. A dita opción producirá efectos desde o día primeiro do segundo mes seguinte á finalización deste prazo de tres meses.

Unha vez transcorrido o prazo para levar a cabo a opción prevista no parágrafo anterior sen que o traballador formalizase o correspondente documento de adhesión, entenderase que optou pola mutua con maior número de traballadores autónomos asociados na provincia do domicilio do interesado, e producirase automaticamente a adhesión con efecto desde o día primeiro do segundo mes seguinte ao da finalización do prazo de tres meses a que se refire o parágrafo anterior. Co fin de facer efectiva a dita adhesión, o Instituto Nacional da Seguridade Social comunicará á dita mutua os datos do traballador autónomo que sexan estritamente necesarios.

A mutua colaboradora da Seguridade Social notificaralle ao traballador a adhesión con indicación expresa da data de efectos e da cobertura polas contingencias protexidas.

Disposición adicional décimo primeira. *Efectos na incapacidade temporal da opción por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social realizada polos traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos para causar dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

A opción por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social de traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos realizada para causar dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, dará lugar a que a mutua colaboradora pola que optase o traballador autónomo asuma a protección e a responsabilidade do pagamento da prestación extraordinaria por cesamento de actividade, así como do resto de prestacións derivadas das contingencias polas que se formalizase a cobertura, incluído o subsidio por incapacidade temporal cuxa baixa médica sexa emitida con posterioridade á data de formalización da protección coa dita mutua e derive da recaída dun proceso de incapacidade temporal anterior cuberta coa entidade xestora.

A responsabilidade do pagamento das prestacións económicas derivadas dos procesos que se encontren en curso no momento da data de formalización da protección a que se refire o parágrafo primeiro seguirá correspondendo á entidade xestora.

Disposición adicional décimo segunda. *Apoio financeiro ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos.*

1. As cotas que venzan en 2020 derivadas de préstamos ou anticipos concedidos a entidades promotoras de parques científicos e tecnolóxicos en virtude das convocatorias

xestionadas exclusivamente polo Ministerio de Ciencia e Innovación, ou polo ministerio competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación en anos anteriores, desde o ano 2000 quedarán aprazadas á mesma data do ano 2021.

2. As ditas entidades poderán, así mesmo, solicitar ao Ministerio de Ciencia e Innovación o refinanciamento das cotas con vencemento en anos anteriores a 2020, derivadas dos préstamos ou anticipos referidos no punto anterior, incluíndo as cotas derivadas dos aprazamentos concedidos en virtude das leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2011 a 2015, para o ano 2017, e no Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, da tecnoloxía, da innovación e da universidade.

Se se acordase o refinanciamento de cotas que se encontrasen en período executivo de pagamento, xestionadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Ministerio de Ciencia e Innovación procederá a emitir a orde de cancelación do cargo coa finalidade de evitar a continuación do procedemento executivo sobre estas.

3. O refinanciamento de cotas implicará a constitución dun novo préstamo de acordo coas seguintes condicións:

a) O principal será a suma das cotas que se vaian refinciar, capitalizadas ao tipo de xuro que se aplicou na concesión do préstamo orixinario de cada cota.

b) Non variará o prazo máximo de vencemento dos préstamos orixinarios e as cotas aprazadas poderán ser obxecto de fraccionamento. Non obstante, as cotas de préstamos cuxo prazo máximo de vencemento se produza en 2020 ou 2021 poderán ser refinanciadas ata o ano 2022.

c) As cotas refinanciadas devindicarán o tipo de xuro da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar. No caso de que o tipo de xuro da dita débeda sexa negativo, o novo préstamo terá un tipo de xuro cero e non devindicará xuros nin a favor do Estado nin das solicitantes da moratoria.

d) O importe do novo préstamo que se constituía deberase destinar á cancelación dos dereitos recoñecidos na contabilidade da Administración xeral do Estado en relación coas cotas xa vencidas que se refincian, así como do resto da débeda que se refincie.

e) Ao dito refinanciamento resultarán de aplicación as garantías que se constituísen con ocasión do préstamo orixinal.

f) Respectaranse, en calquera caso, os límites de intensidade de axuda permitidos pola normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado.

4. Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Ciencia e Innovación poderán ditarse as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e cumprimento do previsto nesta disposición adicional.

Disposición adicional décimo terceira. *Autorización de endebedamento do Consorcio Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación (BSC-CNS).*

En virtude do establecido no artigo 111.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase para o exercicio 2020 o endebedamento do Consorcio Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación (BSC-CNS) por un importe máximo de 47.888.247,62 €. O tipo de xuro será o aplicable para os préstamos e anticipos da política de investigación, desenvolvemento e innovación, segundo o establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional décimo cuarta. *Regras aplicables aos contratos de predoutoramento para persoal investigador en formación subscritos no ámbito da investigación.*

1. As entidades que subscribisen contratos de predoutoramento para persoal investigador en formación con financiamento que non proceda de convocatorias de axudas de recursos humanos realizadas por axentes de financiamento do sistema estatal de ciencia, tecnoloxía e innovación no marco da Lei 14/2011, do 12 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, poderán prorrogar a vixencia destes nas condicións previstas

nesta disposición adicional exclusivamente cando se encontren dentro dos últimos doce meses do contrato.

2. A prórroga dos contratos poderá ser acordada polo tempo de duración do estado de alarma e polo período que este puiden prorrogarse ante a emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, nos termos previstos no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Por motivos xustificados, poderanse prorrogar os contratos durante, como máximo, tres meses adicionais ao tempo que na súa totalidade dure a declaración de estado de alarma.

3. En todo caso, a duración total do contrato de traballo e da súa eventual prórroga poderá exceder os límites temporais máximos previstos na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

4. A prórroga dos contratos laborais requirirá acordo suscrito entre a entidade contratante e a persoa empregada con carácter previo á data prevista de finalización do contrato.

5. Os custos laborais e sociais derivados da dita prórroga serán financiados con cargo aos orzamentos da entidade que subscribise o contrato de traballo. Autorízanse os titulares dos órganos superiores e directivos, presidentes e directores destas entidades para a realización das modificacións e variacións orzamentarias que resulten necesarias para dar lugar ao dito financiamento, incluídas as que se leven a cabo con cargo ao financiamento externo, así como a reanualización dos expedientes de gasto correspondentes.

6. As entidades subscritoras dos contratos poderán ditar as resolucións que resulten precisas para adaptar estas previsións nos seus respectivos ámbitos de actuación, así como prever outras cuestións necesarias para unha adecuada xestión.

7. As previsións contidas neste punto poderán aplicarse aos contratos de predoutoramento que finalicen desde o 2 de abril de 2020.

Disposición adicional décimo quinta. *Outorgamento unilateral por parte do acredor dos instrumentos notariais en que se formaliza a ampliación de prazo derivada da moratoria legal dos préstamos ou créditos garantidos con hipoteca ou mediante outro dereito inscribible distinto.*

1. O recoñecemento da aplicación da suspensión da débeda hipotecaria durante o prazo de tres meses prevista no artigo 13.3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, non estará suxeito ao disposto na Lei 5/2019, do 15 de marzo, de crédito inmobiliario.

2. Será obriga unilateral da entidade acreedora a elevación a escritura pública do recoñecemento da suspensión prevista no artigo 13.3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, pola citada entidade, para os efectos de que se poida proceder á inscrición da ampliación do prazo inicial no Rexistro da Propiedade.

3. Igualmente, será obriga unilateral da entidade acreedora promover a formalización da póliza ou escritura pública en que se documente o recoñecemento da suspensión das obrigas contractuais nos créditos ou préstamos sen garantía hipotecaria prevista no artigo 24.2 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, e a inscrición, se é o caso, no Rexistro de Bens Móbiles, sempre que o crédito ou préstamo estivese garantido mediante algún dereito inscribible distinto da hipoteca ou accedese ao Rexistro.

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación a calquera solicitude de moratoria presentada ao abeiro do artigo 13.3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ou do artigo 24.2 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, aínda cando a solicitude do acredor ou incluso a súa aceptación pola entidade acreedora se producisen con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto lei.

Disposición transitoria primeira. *Non inicio do período executivo para determinadas débedas tributarias no caso de concesión de financiamento a que se refire o artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

O disposto no artigo 12 será de aplicación ás declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación conclúa entre o 20 de abril de 2020 e o 30 de maio de 2020.

No caso de débedas tributarias derivadas de declaracións-liquidacións e autoliquidacións comprendidas no parágrafo anterior que fosen obxecto de presentación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, respecto das que xa se iniciase o período executivo conforme o disposto no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, consideraranse en período voluntario de ingreso cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:

a) Que o obrigado tributario achegue á Administración tributaria, no prazo máximo de cinco días contados desde o seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei, un certificado expedido pola entidade financeira acreditativo de terse efectuado a solicitude de financiamento nos termos do punto 1, letra a), do artigo 12, incluídos o importe e as débedas tributarias obxecto desta.

b) Cumprimento dos requisitos establecidos no punto 1, letras c) e d), do artigo 12.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos nas letras a) e b) anteriores determinará o inicio ou a continuación das actuacións recadatorias en período executivo desde a data en que o dito período se iniciou, conforme o sinalado no segundo parágrafo desta disposición.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio na xestión do réxime de clases pasivas.*

1. De forma inmediata, e unha vez aprobado o real decreto de estrutura do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, iniciaranse os trámites para a adaptación da xestión administrativa, contable, orzamentaria e financeira que permitan a asunción da xestión das prestacións do réxime de clases pasivas polo Instituto Nacional da Seguridade Social. Mentres non culmine este proceso de adaptación, esta xestión será exercida pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Ata esa data, toda referencia feita no texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado ao Instituto Nacional da Seguridade Social entenderase referida á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Así mesmo, e ata que se produza a asunción da xestión polo Instituto Nacional da Seguridade Social, corresponderá á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social a aprobación e compromiso do gasto, así como o recoñecemento das obrigas e proposta dos pagamentos das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, así como requirir do ordenador xeral de pagamentos do Estado a realización dos correspondentes pagamentos.

2. A ordenación do pagamento e as funcións de pagamento material destas prestacións que correspondan á Tesouraría Xeral da Seguridade Social serán realizadas durante este período transitorio pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

3. O reintegro das prestacións indebidamente percibidas será reclamado, durante o período transitorio, pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, de acordo co disposto no Real decreto 1134/1997, do 11 de xullo, polo que se regula o procedemento de reintegro de percepcións indebidas e outras normas en materia de clases pasivas.

4. Durante o citado período transitorio, toda reclamación económica en relación co referido réxime será competencia da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e do Tesouro Público.

5. Aos procedementos iniciados na Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, na data que se determine no real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, non lles será de aplicación o previsto neste real decreto lei e rexeranse pola normativa anterior.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio ata a aprobación dos estatutos da Fundación España Deporte Global, F.S.P. e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de competencia estatal.*

Mentres non se proceda á aprobación dos estatutos da Fundación España Deporte Global, F.S.P., e á inscrición no Rexistro de Fundacións de competencia estatal, o Consello Superior de Deportes xestionará directamente as cantidades previstas na letra f) do punto 1 do artigo 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, destinándoas aos fins alí establecidos.

No prazo de 1 mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, deberán aprobarse os estatutos da Fundación España Deporte Global, F.S.P.

Disposición transitoria cuarta. *Disposicións aplicables a determinados préstamos universitarios.*

1. Aquelas persoas que subscribisen préstamos universitarios concedidos a través das convocatorias aprobadas mediante a Orde CIN/2940/2008, do 14 de outubro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de máster universitario; Orde EDU/3108/2009, do 17 de novembro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de posgrao de máster universitario ou de doutoramento; e a Orde EDU/3248/2010, do 17 de decembro, pola que se regulan os préstamos universitarios para realizar estudos de posgrao de máster e de doutoramento, poderán optar, con anterioridade ao día 31 de xullo de 2020, pola novación dos seus respectivos instrumentos contractuais, nos termos establecidos na disposición transitoria única do Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, da tecnoloxía, da innovación e da universidade.

2. Establécese un período de carencia inicial ata o 31 de decembro de 2020 para todos aqueles préstamos que se acollan a esta novación, sen prexuízo do establecido respecto do período de carencia na disposición transitoria única do Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, da tecnoloxía, da innovación e da universidade.

Disposición transitoria quinta. *Comprobación dos requisitos de incorporación no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.*

A comprobación da validez das incorporacións ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecida no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que se encontre pendente de realizar por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, efectuarase atendendo á concorrencia dos requisitos establecidos no artigo 324.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, conforme a redacción dada ao dito artigo pola disposición derradeira sexta.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Con entrada en vigor na data que se determine no real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, o

texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando faleza o beneficiario dalgunha prestación de clases pasivas do Estado, os haberes en que esta se concreta, devindicados e non percibidos, aboaranse aos herdeiros por dereito civil, por instancia de parte lexítima. O exercicio da acción por un dos herdeiros redundará en beneficio dos demais que puideren existir. No suposto de que aqueles haberes fosen devindicados e percibidos polo interesado ou pola comunidade hereditaria, non procederá a solicitude de reintegro polos servizos de clases pasivas.

A resolución sobre haberes devindicados a que se refire o parágrafo anterior será adoptada polos correspondentes servizos de clases pasivas e terase en conta tanto a documentación que, se é o caso, puider ser achegada polo herdeiro ou herdeiros como a que consta nos ditos servizos, sen que sexa necesaria, salvo que estes consideren oportuna a consulta ao Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, e quedará habilitada a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para ditar as instrucións que, para tal efecto, resultaren precisas».

Dous. O artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Competencia para o recoñecemento de dereitos pasivos e a concesión das prestacións de clases pasivas do Estado.*

1. O recoñecemento de dereitos pasivos e a concesión das prestacións de clases pasivas causadas no seu favor ou no dos seus familiares polo persoal a que se refire o artigo 3.1 deste texto corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. As competencias mencionadas neste precepto entenderanse sen prexuízo das funcións que na materia corresponda exercer aos servizos xurídicos, fiscais ou intervencións delegadas correspondentes».

Tres. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Competencia para o pagamento das prestacións de clases pasivas do Estado.*

1. O Instituto Nacional da Seguridade Social é a entidade xestora competente para a realización das funcións inherentes ao recoñecemento das obrigas e proposta dos pagamentos de todas as prestacións de clases pasivas.

2. Correspóndelle ao Instituto Nacional da Seguridade Social a administración e disposición dos créditos para prestacións de clases pasivas.

3. A ordenación do pagamento das prestacións de clases pasivas e o pagamento material destas correspóndelle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. A realización das funcións de pagamento material das ditas prestacións é competencia da Tesouraría Xeral da Seguridade Social».

Catro. O punto 3 do artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«3. O cómputo para efectos do réxime de clases pasivas dos servizos recoñecidos polos órganos e entidades mencionados é da competencia exclusiva do Instituto Nacional da Seguridade Social».

Cinco. Suprímese o punto 2 do artigo 14, queda o punto 3 como punto 2 e dáse nova redacción ao punto 1 nos seguintes termos:

«1. Os acordos do Instituto Nacional da Seguridade Social en materia de clases pasivas poñerán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a

xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con carácter previo á vía contencioso-administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o Instituto Nacional da Seguridade Social».

Seis. O punto 1 do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«1. As cantidades indebidamente percibidas polos beneficiarios das prestacións de clases pasivas deberán reintegrarse nos termos e condicións previstos na normativa sobre reintegro de prestacións indebidas do sistema da Seguridade Social.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o perceptor das cantidades que resultasen indebidas continúe sendo beneficiario da prestación que deu lugar ao reintegro ou de calquera outra de clases pasivas, poderá acordarse o pagamento dado con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión, nos termos e na forma que regulamentariamente se estableza».

Sete. Os puntos 2 e 4 do artigo 34 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Para estes efectos, a declaración de ausencia legal do causante dos dereitos pasivos non se considerará determinante dos dereitos dos seus familiares, que soamente nacerán coa declaración de falecemento do ausente, acordada de conformidade co disposto nos artigos 193 e seguintes do Código civil.

A data de nacemento dos dereitos retrotraerase sempre á que na resolución xudicial se precise como de falecemento, sen prexuízo do referente á prescrición se di no artigo 7 deste texto.

No entanto, se o declarado ausente legal for perceptor de pensión de xubilación ou retiro ou, este, atendendo á súa idade e ao período de servizos efectivos ao Estado, tiver dereito ás citadas pensións de xubilación ou retiro, os seus familiares poderán acceder á pensión que a eles correspondería en caso de falecemento do causante.

Esta pensión será recoñecida con carácter provisional desde o día 1 do mes seguinte ao da declaración de ausencia legal, como resultado da de falecemento que no seu día se produza ou, noutro caso, da presentación do ausente ou da proba da súa existencia. Polos pagamentos así efectuados non procederá formular ningunha reclamación ao Instituto Nacional da Seguridade Social por parte do declarado ausente legal que despois apareza, sen prexuízo do dereito deste último a reclamar as diferenzas entre o aboado aos seus familiares e o que debería percibir este e só en canto ás cantidades non prescritas polo transcurso do tempo».

«4. Non caberá formular ningunha reclamación á Administración da Seguridade Social por razón dos acordos que puidesen adoptarse de conformidade coa resolución xudicial declaratoria do falecemento, sen prexuízo de que os litixios que poidan xurdir entre os interesados se tramiten perante os órganos da xurisdición ordinaria. Así mesmo, non caberá exixir o reintegro das cantidades percibidas ao titular da pensión concedida con base na declaración de falecemento».

Oito. Os puntos 1 e 3 do artigo 37 ter quedan redactados do seguinte modo:

«1. O Instituto Nacional da Seguridade Social suspenderá cautelarmente o aboamento das prestacións recoñecidas en favor dos familiares cando recaia sobre o beneficiario resolución xudicial da que deriven indicios racionais de criminalidade pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, se a vítima for o suxeito causante da prestación, con efectos do día primeiro do mes seguinte a aquel en que lle sexa comunicada tal circunstancia.

Nos casos indicados, a suspensión cautelar manterase ata que recaia sentenza firme ou outra resolución firme que poña fin ao procedemento penal ou determine a non culpabilidade do beneficiario.

Se o beneficiario da prestación for finalmente condenado por sentenza firme pola comisión do indicado delito, procederá a revisión do recoñecemento e, se é o caso, o reintegro das prestacións percibidas, de acordo co previsto no artigo 37 bis. Neste suposto, o Instituto Nacional da Seguridade Social fixará o importe das pensións, se as houber, como se non existise a persoa condenada.

Cando, mediante sentenza ou resolución xudicial firme, finalice o proceso sen a referida condena ou se determine a non culpabilidade do beneficiario, rehabilitarase o pagamento da prestación suspendida cos efectos que procederían de non terse acordado a suspensión».

«3. Durante a suspensión do pagamento dunha prestación acordada conforme o previsto neste artigo, o Instituto Nacional da Seguridade Social fixará o importe das pensións, se as houber, como se non existise a persoa contra a que se ditase a resolución a que se refire o punto 1. O dito importe terá carácter provisional ata que se dite a resolución firme que poña fin ao proceso penal.

No caso de arquivamento da causa ou de sentenza firme absolutoria, procederase ao aboamento das prestacións cautelarmente suspendidas. Non obstante, o beneficiario da pensión calculada conforme o disposto no parágrafo anterior non virá obrigado a devolver ningunha cantidade».

Nove. O artigo 37 *quater* queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 37 *quater*. *Aboamento das pensións en favor de familiares en determinados supostos.*

No caso de que haxa beneficiarios menores ou incapacitados xudicialmente, cuxa patria potestade ou tutela estiver atribuída a unha persoa contra a que se ditase resolución xudicial da que deriven indicios racionais de criminalidade ou sentenza condenatoria firme pola comisión do delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, a pensión non lle será aboable á dita persoa.

En todo caso, o Instituto Nacional da Seguridade Social poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal a existencia da pensión, así como toda resolución xudicial da que deriven indicios racionais de que unha persoa que teña atribuída a patria potestade ou tutela é responsable do delito doloso de homicidio para que proceda, se é o caso, a instar a adopción das medidas oportunas en relación coa persoa física ou institución tutelar do menor ou da persoa coa capacidade modificada xudicialmente a que debe aboarse a pensión. Adoptadas as ditas medidas con motivo da dita situación procesual, a Administración, cando así proceda, comunicará tamén ao Ministerio Fiscal a resolución pola que se poña fin ao proceso penal e a firmeza ou non da resolución xudicial en que se acorde».

Dez. O punto 2 do artigo 47 queda redactado do seguinte modo:

«2. Dará orixe a pensión extraordinaria de xubilación ou retiro a incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade do persoal comprendido neste capítulo, entendida esta incapacidade nos termos expostos no artigo 28.2.c), sempre que esta se produza, sexa por accidente ou enfermidade, en acto de servizo ou como consecuencia deste. En caso da enfermidade causante da inutilidade, esta deberá constar como adquirida directamente en acto de servizo ou como consecuencia directa da natureza do servizo desempeñado.

En todo caso, o dito persoal, en canto se incapacite ou inutilice en acto de servizo ou como consecuencia deste, será declarado xubilado ou retirado.

A xubilación ou o retiro serán declarados polos organismos e entidades mencionados no precedente artigo 28.3, e será da competencia exclusiva do Instituto Nacional da Seguridade Social a concesión ou non de pensión extraordinaria. Todo iso sen prexuízo da competencia que ten o Ministerio de Defensa na determinación da natureza de acto de servizo».

Once. A disposición adicional décimo segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo segunda. *Fornecemento de información.*

1. Os organismos competentes dependentes dos ministerios de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e de Facenda ou, se é o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais e concellos facilitarán, dentro de cada exercicio anual, ao Instituto Nacional da Seguridade Social, para efectos da xestión das pensións de clases pasivas e doutras prestacións cuxa xestión teñen encomendada no ámbito das súas competencias, os datos que soliciten relativos á situación laboral, os niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións, así como dos beneficiarios cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que deban terse en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

2. O organismo que designe o Ministerio de Xustiza facilitará ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información que solicite respecto das inscricións e datos que constan neste e que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións económicas cuxa xestión ten encomendada.

3. Todos os datos relativos aos solicitantes de prestacións da súa competencia que consten en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social, que fosen remitidos por outros organismos públicos mediante transmisión telemática ou cando aqueles se consoliden nos sistemas de información de clases pasivas, como consecuencia do acceso informático directo ás bases de datos corporativas doutros organismos, producirán plenos efectos e terán a mesma validez que se fosen notificados polos ditos organismos mediante certificación en soporte papel».

Doce. O punto dous da disposición adicional décimo quinta queda redactado do seguinte modo:

«Dous. O dereito da Administración a solicitar o reintegro das prestacións indebidamente percibidas prescribirá aos catro anos a partir da data da súa percepción ou daquela en que se puido exercer a acción para exixir a súa devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida.

Para o cumprimento das obrigas económicas establecidas no réxime de clases pasivas do Estado, o prazo de prescrición será, así mesmo, de catro anos».

Trece. O punto 2 da disposición adicional décimo oitava queda redactado do seguinte modo:

«2. O complemento por maternidade será recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social. Non obstante, a competencia para o aboamento corresponderá, en todo caso, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O complemento por maternidade en ningún caso formará parte da pensión de xubilación ou retiro para efectos da determinación da base reguladora no recoñecemento de pensións en favor dos familiares do persoal comprendido no ámbito de aplicación deste texto refundido».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase o número 2.º do punto dous.1 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado como segue:

«2.º Os libros, xornais e revistas, incluso cando teñan a consideración de servizos prestados por vía electrónica, que non conteñan única ou fundamentalmente

publicidade e non consistan íntegra ou predominantemente en contidos de vídeo ou música audible, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con aqueles mediante prezo único.

Comprenderanse neste número as execucións de obra que teñan como resultado inmediato a obtención dun libro, xornal ou revista en prego ou en continuo, dun fotolito dos ditos bens ou que consistan na encadernación destes.

Para estes efectos, terán a consideración de elementos complementarios as fitas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares que constitúan unha unidade funcional co libro, xornal ou revista, perfeccionando ou completando o seu contido e que se vendan con eles, coas seguintes excepcións:

a) Os discos e fitas magnetofónicas que conteñan exclusivamente obras musicais e cuxo valor de mercado sexa superior ao do libro, xornal ou revista co que se entreguen conxuntamente.

b) Os videocasetes e outros soportes sonoros ou vídeo-magnéticos similares que conteñan películas cinematográficas, programas ou series de televisión de ficción ou musicais e cuxo valor de mercado sexa superior ao do libro, xornal ou revista co que se entreguen conxuntamente.

c) Os produtos informáticos gravados por calquera medio nos soportes indicados nas letras anteriores, cando conteñan principalmente programas ou aplicacións que se comercialicen de forma independente no mercado.

Entenderase que os libros, xornais e revistas conteñen fundamentalmente publicidade cando máis do 90 por cento dos ingresos que proporcionen ao seu editor se obteñan por este concepto.

Consideraranse comprendidos neste número as partituras, mapas e cadernos de debuxo, excepto os artigos e aparellos electrónicos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda redactado como segue:

Un. Modifícase o parágrafo c) do punto 1 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«c) Efectuar declaracións, ou facilitar, comunicar ou consignar datos falsos ou inexactos que dean lugar a que as persoas traballadoras obteñan ou disfruten indebidamente prestacións, así como a connivencia cos seus traballadores/as ou coas demais persoas beneficiarias para a obtención de prestacións indebidas ou superiores ás que procedan, en cada caso, ou para eludir o cumprimento das obrigas que a calquera deles corresponda en materia de prestacións.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«2. No suposto de infraccións moi graves, entenderase que a empresa incorre nunha infracción por cada unha das persoas traballadoras que solicitase, obtívase ou disfrutase fraudulentamente das prestacións de Seguridade Social.

Sen prexuízo do establecido no artigo 43.3, nas infraccións sinaladas nos parágrafos a), c) e e) do punto anterior, a empresa responderá solidariamente da devolución das cantidades indebidamente percibidas pola persoa traballadora.

As empresas que contraten ou subcontraten a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade responderán solidariamente das infraccións a que se refire o punto 1.a) anterior, cometidas pola empresa contratista ou subcontratista durante todo o período de vixencia da contrata.

Nas infraccións sinaladas no punto 1.h), as entidades de formación ou aquelas que asuman a organización das accións formativas programadas polas empresas e os solicitantes ou beneficiarios de subvencións e axudas públicas responderán solidariamente da devolución das cantidades desfrutadas de forma indebida por cada acción formativa.»

Tres. Engádesse un punto 3 ao artigo 43, coa seguinte redacción:

«3. No caso da infracción prevista no artigo 23.1.c), a empresa responderá directamente da devolución das cantidades indebidamente percibidas pola persoa traballadora, sempre que non concorra dolo ou culpa desta.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia.*

O artigo 7 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *Comisión mixta.*

Para a valoración, determinación e contía das axudas concedidas a particulares, en virtude das solicitudes presentadas, por arrendamento, reconstrución, rehabilitación ou reparación de vivendas que constitúan o seu domicilio habitual, crearase unha comisión mixta copresidida polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o conselleiro de Obras Públicas e Ordenación do Territorio da dita comunidade autónoma, e composta por un representante da Administración xeral do Estado, un representante da Administración autonómica e un representante do Concello de Lorca.

A dita comisión mixta, atendendo a criterios de equidade, tras valorar os gastos e os danos acreditados e a situación económica e social de cada solicitante, elevará ao órgano competente para resolver unha proposta individualizada motivada en relación coa axuda que se solicita, así como sobre a contía que se deba conceder en caso de proposta favorable que, en ningún caso, poderá superar os límites que se establecen para cada suposto no artigo 3.

A citada comisión mixta poderá pedir do Consorcio de Compensación de Seguros a información de que dispoña a dita entidade pública sobre as valoracións de danos que realizase e a contía das indemnizacións que aboase. O Consorcio de Compensación de Seguros queda autorizado para cedela, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo, a resolución correspondente deberá determinar o prazo máximo de execución das obras a que se destina a axuda. O prazo máximo para a reconstrución ou rehabilitación da vivenda será de 24 meses e o prazo máximo para a reparación de danos será de 12 meses.

En calquera caso, o prazo máximo que se fixe para a execución das obras de reconstrución ou rehabilitación da vivenda ou para a reparación de danos non poderá ser posterior ao 31 de outubro de 2023».

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional.*

O Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 1, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O obxecto deste real decreto lei é establecer as normas para a comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais de competicións futbolísticas correspondentes ao Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División, á Copa de S.M. o Rei, á Supercopa de España e ao resto de competicións de ámbito estatal, tanto masculinas como femininas, organizadas pola Real Federación Española de Fútbol; así como fixar os criterios para a distribución dos ingresos obtidos entre os organizadores e participantes nestas.»

Dous. Modifícase a letra f) do punto 4 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«f) A duración dos contratos de comercialización supeditarase ás normas de competencia da Unión Europea.

Esta modificación será operativa para a comercialización dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais obxecto de comercialización centralizada que se aproben a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril».

Tres. No punto 1 do artigo 6 modifícanse as letras a) e c), e engádesse unha letra f) coa seguinte redacción:

«a) Un 2,5 por 100 destinarase a financiar un fondo de compensación do que poderán beneficiarse as entidades deportivas que, disputando a competición do fútbol profesional, descendan de categoría. O 90 por 100 desta cantidade destinarase aos equipos que descendan de Primeira División, e o 10 por 100 restante aos que descendan de Segunda División.»

«c) Un 2 por 100 entregarase á Real Federación Española de Fútbol, como contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado e das infraestruturas federativas, así como á mellora da competitividade das categorías non profesionais a través da actualización da súa estrutura. Esa cantidade poderá incrementarse no marco do convenio a que se refire o artigo 28 do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e rexistro de asociacións deportivas. O Goberno determinará regulamentariamente as finalidades e os criterios de repartición desta cantidade entre as federacións de ámbito territorial, en función do número de licenzas.»

«f) Un 1,5 % entregarase ao Consello Superior de Deportes, que o destinará á promoción, impulso e difusión do deporte federado, olímpico e parolímpico, así como á internacionalización do deporte español.

Para tal efecto, poderá constituírse unha fundación, con participación do Consello Superior de Deportes, a Real Federación Española de Fútbol, a Liga de Fútbol Profesional («LaLiga») e as restantes federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais, a que se encomende a consecución dos fins previstos no parágrafo anterior.»

Catro. Modifícase o título do artigo 8, así como o primeiro parágrafo do punto 1, e a letra a) e primeiro parágrafo da letra b) do dito punto, que quedan redactados como segue:

«Artigo 8. *Especialidades na comercialización e repartición dos dereitos audiovisuais da Copa de S.M. O Rei, da Supercopa e do resto das competicións de ámbito estatal que organice a Real Federación Española de Fútbol.*

1. A Real Federación Española de Fútbol poderá comercializar directamente os dereitos audiovisuais da Copa de S.M. O Rei, da Supercopa de España e das demais competicións de ámbito estatal que organice, tanto masculinas como femininas, de conformidade co artigo 4.

A Real Federación Española de Fútbol repartirá os ingresos que obteña da comercialización destes dereitos conforme os seguintes criterios:

a) O 60 por 100 dos ingresos destinarase aos equipos da Liga Nacional de Fútbol Profesional e asignaranse de conformidade coas regras previstas no artigo 5. Para efectos da aplicación do criterio 1º da letra b) do artigo 5.3, tomaranse en consideración unicamente as entidades que disputen a rolda de oitavos de final da competición durante as cinco últimas temporadas, coa seguinte ponderación: campión 22 por 100; subcampión, 16 por 100; semifinalistas, 9 por 100, cuartos de final, 6 por 100, oitavos de final, 2,5 por 100.

b) O 40 por 100 restante destinarase á promoción do fútbol afeccionado e aos equipos doutras categorías que participen na competición.»

Cinco. Introdúcese unha disposición adicional terceira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional terceira. *Xestión e comercialización dos dereitos audiovisuais das federacións deportivas e competicións distintas ao fútbol, de ámbito estatal.*

Cando as federacións deportivas de modalidades deportivas distintas do fútbol non desexen asumir a xestión e comercialización dos dereitos audiovisuais por si mesmas soamente poderán encomendar a dita xestión á fundación a que se refire o artigo 6.1, letra f).»

Seis. Introdúcese un parágrafo segundo na disposición derradeira terceira, coa seguinte redacción:

«A disposición adicional terceira entrará en vigor no momento en que se cree a fundación a que fai referencia o artigo 6.1, letra f).»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 324 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, coa seguinte redacción:

«1. Quedarán incluídos neste sistema especial os traballadores a que se refire o artigo anterior que sexan titulares de explotacións agrarias e realicen nelas labores agrarios de forma persoal e directa, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores que coticen coa modalidade de bases mensuais ou, de tratarse de traballadores que coticen coa modalidade de bases diarias a que se refire o artigo 255, que o número total de xornadas reais efectivamente realizadas non supere as cincocentas corenta e seis nun ano, computado desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano. O número de xornadas reais reducirase proporcionalmente en función do número de días de alta do traballador por conta propia agrario neste sistema especial durante o ano natural de que se trate.

As limitacións na ocupación de traballadores por conta allea a que se refire o parágrafo anterior enténdense aplicables por cada explotación agraria.

2. Para os efectos previstos neste sistema especial, enténdese por explotación agraria o conxunto de bens e dereitos organizados polo seu titular no exercicio da actividade agraria e que constitúe en si mesma unidade técnico-económica, e a persoa titular ou titulares da explotación poderá selo pola súa condición de propietaria, arrendataria, parceira, cesionaria ou outro concepto análogo, dos predios ou elementos materiais da respectiva explotación agraria.

A este respecto enténdese por actividade agraria o conxunto de traballos que se require para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Para os efectos previstos neste sistema especial, considerarase actividade agraria a venda directa por parte da agricultora ou agricultor da produción propia sen transformación ou a primeira transformación destes cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, considerándose tamén actividade agraria toda aquela que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Modifícase a letra d) do punto 4 do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, que quedará redactada da seguinte maneira:

«A apertura dos sobres ou arquivos electrónicos que conteñen a proposición farase pola orde que proceda de conformidade co establecido no artigo 145 en función do método aplicable para valorar os criterios de adxudicación establecidos nos pregos. A apertura será feita pola mesa de contratación a que se refire o punto 6 do artigo 326 da presente lei. En todo caso, será público o acto de apertura dos sobres ou arquivos electrónicos que conteñan a parte da oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a simple aplicación de fórmulas establecidas nos pregos, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos. Para tal efecto, no modelo de oferta que figure como anexo ao prego conteranse estes puntos».

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

Modifícase o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, da seguinte maneira:

Un. O punto 7 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«7. A xestión desta prestación corresponderá ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

Os traballadores autónomos que non exercesen a opción prevista no artigo 83.1.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, deberán, para causar dereito a esta prestación, presentar a solicitude perante unha mutua colaboradora coa Seguridade Social, e entenderase desde ese momento realizada a opción prevista no mencionado artigo con efectos do primeiro día do mes en que se cause o dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade. Xunto coa solicitude da prestación, deberán formalizar a correspondente adhesión coa dita mutua, que incluírá a cobertura das continxencias profesionais, incapacidade temporal por continxencias comúns e a prestación de cesamento de actividade que ata o momento tivesen cubertas co Instituto Nacional da Seguridade Social e co Servizo Público de Emprego Estatal.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social tomará razón das ditas opcións en función das comunicacións que lle realicen as mutuas colaboradoras sobre o recoñecemento das prestacións extraordinarias ou a través de calquera outro procedemento que poida establecer a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Dous. O punto 1 do artigo 22 queda redactado da forma seguinte:

«As suspensións de contrato e reducións de xornada que teñan a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia do COVID-19, e a declaración do estado de alarma, que impliquen suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas e/ou as mercadorías, falta de fornecementos que impidan gravemente continuar co desenvolvemento ordinario da actividade, ou ben en situacións urxentes e extraordinarias debidas ao contaxio do cadro de persoal ou a adopción de medidas de illamento preventivo decretados pola autoridade sanitaria, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

En relación coas actividades que deban manterse de acordo coa declaración do estado de alarma, outras normas de rango legal ou as disposicións ditadas polas autoridades delegadas en virtude do previsto no artigo 4 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, entenderase que concorre a forza maior descrita no parágrafo anterior respecto das suspensións de contratos e reducións de xornada aplicables á parte de actividade non afectada polas citadas condicións de mantemento da actividade».

Tres. O punto 6 do artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«6. A aplicación das medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego ás traballadoras e aos traballadores fixos-descontínuos e aos que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas, realizarase nos seguintes termos:

a) No suposto de que a empresa na que prestan servizos adoptase a decisión de suspender o contrato ou reducir a xornada como resultado dos procedementos regulados nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, as persoas traballadoras afectadas poderán beneficiarse das medidas establecidas no punto 1 deste artigo.

Os traballadores fixos descontínuos e aqueles que realizan traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas, que se encontren en período de inactividade produtiva e, por tanto, á espera da chegada da data na que procedería o seu chamamento e reincorporación efectiva, de non mediar a crise do COVID-19, poderán beneficiarse tamén das medidas dispostas no punto 1 deste artigo.

b) As persoas traballadoras que, sen estaren na situación do punto anterior, vexan interrompida a súa prestación de servizos como consecuencia do impacto do COVID-19 durante períodos que, en caso de non ter concurrido a dita circunstancia extraordinaria, fosen de actividade e, como consecuencia diso, pasen a ser beneficiarios da prestación por desemprego, poderán volver percibila, cun límite máximo de 90 días, cando volvan encontrarse en situación legal de desemprego. Para determinar o período que, de non ter concurrido esta circunstancia, sería de actividade laboral, haberá que atermos ao efectivamente traballado pola persoa traballadora durante o ano natural anterior con base no mesmo contrato de traballo. En caso de ser o primeiro ano, haberá que atermos aos períodos de actividade doutras persoas traballadoras comparables na empresa. Esta medida aplicarase ao mesmo dereito consumido e será recoñecida de oficio pola entidade xestora cando o interesado solicite o seu reinicio.

c) As persoas traballadoras que acrediten que, como consecuencia do impacto do COVID-19, non puideron reincorporarse á súa actividade na data que estaba prevista e foran beneficiarias de prestacións naquel momento non verán suspendido o dereito á prestación ou ao subsidio que viñesen percibindo.

Se na data na que deberan reincorporarse á actividade non estivesen percibindo prestacións por desemprego por telas esgotado, pero acreditasen o período cotizado necesario para obter unha nova prestación contributiva, a certificación empresarial da imposibilidade de reincorporación constituirá situación legal de desemprego para o recoñecemento do dereito á dita prestación.

Ás persoas traballadoras a que se refire este parágrafo seralles de aplicación a reposición do dereito á prestación prevista na letra b) deste punto.

d) Os traballadores que visen interrompida a súa actividade e os que non puidesen reincorporarse a esta como consecuencia do COVID-19 e carecesen do período de ocupación cotizado necesario para obter a prestación por desemprego terán dereito a unha nova prestación contributiva, que poderá percibirse ata a data en que teña lugar a incorporación ao seu posto de traballo, cun límite máximo de 90 días. A contía mensual da nova prestación será igual á da última mensualidade da prestación contributiva percibida ou, se é o caso, á contía mínima da prestación contributiva. O mesmo dereito terá quen, durante a situación de crise derivada do COVID-19, esgote as súas prestacións por desemprego antes da data en que teña lugar a incorporación ao seu posto de traballo e careza de cotizacións suficientes para o recoñecemento dun novo dereito, caso este en que a certificación empresarial de imposibilidade de reincorporación constituirá nova situación legal de desemprego. Neste suposto, non lles resultará de aplicación o previsto na letra b) deste punto cando acrediten unha nova situación legal de desemprego.»

Catro. Os puntos 1 e 2 do artigo 29 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Para facilitar o mantemento do emprego e paliar os efectos económicos do COVID-19, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital outorgará avais ao financiamento concedido por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico, entidades de pagamentos a empresas e autónomos para atender necesidades derivadas, entre outras, da xestión de facturas, pagamento de nóminas e a provedores, necesidade de circulante, vencementos de obrigas financeiras ou tributarias ou outras necesidades de liquidez. Tamén se poderán destinar os avais á Compañía Española de Reafianzamiento, Sociedad Anónima (CERSA), así como a obrigas de pagamento incorporadas ao Mercado de Renda Fixa da Asociación de Intermediarios de Activos Financeiros (AIAF) e ao Mercado Alternativo de Renda Fixa (MARF).

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 100.000 millóns de euros, ata o 31 de decembro de 2020. As condicións aplicables e requisitos que se deberán cumprir, incluído o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse por acordo de Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.»

Cinco. Modifícase o punto 3 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Se o obrigado tributario, non obstante a posibilidade de acollerse á ampliación dos prazos dos puntos anteriores ou sen facer reserva expresa a ese dereito, atendese o requirimento ou solicitude de información con transcendencia tributaria ou presentase as súas alegacións, considerarase efectuado o trámite.

Nas poxas celebradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria a través do Portal de poxas da Axencia Estatal do Boletín Oficial del Estado, afectadas polo establecido nos puntos 1 e 2 do presente artigo, o licitador poderá solicitar a anulación das súas poxas e a liberación dos depósitos constituídos.

Tamén terán dereito á devolución do depósito e, se é o caso, do prezo do remate ingresado, cando así o soliciten, os licitadores e os adxudicatarios das poxas en que finalizase a fase de presentación de ofertas e sempre que non se emitise certificación da acta de adxudicación dos bens ou outorgamento de escritura pública de venda á entrada en vigor do presente real decreto lei. Neste caso, non será de aplicación a perda do depósito regulada no artigo 104.bis letra f) do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 9/2020, do 24 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.*

Modifícase a disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2020, do 24 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Réxime sancionador e reintegro de prestacións indebidas.*

1. En aplicación do previsto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, as solicitudes presentadas pola empresa que contivesen falsidades ou incorreccións nos datos facilitados darán lugar ás sancións correspondentes.

Será sancionable igualmente, conforme o previsto na dita norma, a conduta da empresa consistente en solicitar medidas en relación co emprego que non resulten necesarias ou non teñan conexión suficiente coa causa que as orixina, cando a dita circunstancia se deduza das falsidades ou incorreccións nos datos facilitados por aquelas e sempre que dean lugar á xeración ou percepción de prestacións indebidas ou á aplicación de deducións indebidas nas cotas á Seguridade Social.

2. O recoñecemento indebido de prestacións á persoa traballadora por causa non imputable a esta, como consecuencia dalgún dos incumprimentos previstos no punto anterior, dará lugar á devolución das prestacións indebidamente xeradas. En tales supostos, a empresa deberá ingresar á entidade xestora as cantidades percibidas pola persoa traballadora de acordo co establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

A obriga de devolver as prestacións previstas no parágrafo anterior será exixible ata a prescrición das infraccións referidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que resulten aplicables.

A persoa traballadora conservará o dereito ao salario correspondente ao período de regulación de emprego inicialmente autorizado, descontadas as cantidades que percibise en concepto de prestación por desemprego.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

O Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, queda modificado como segue:

Un. A subepígrafe iv, da letra a), do punto 1 do artigo 5 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, queda coa seguinte redacción:

«iv. En caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar

unha actividade laboral, o límite previsto na subepígrafe i) será de catro veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.»

Dous. Modifícase a subepígrafe iv da letra b) do punto 1 do artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, que queda coa seguinte redacción:

«iv. En caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, o límite previsto na subepígrafe i) será de catro veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.»

Tres. Dáse nova redacción ao punto 6 do artigo 24 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19:

«6. Durante a vixencia do estado de alarma e ata que volva restablecerse plenamente a liberdade deambulatoria, non poderán formalizarse os instrumentos notariais a que se refire o punto 2. Non obstante, iso non suspenderá a aplicación da moratoria, que deberá aplicarse automaticamente, tanto se se formalizase como se aínda non a dita suspensión no instrumento correspondente.

Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalice, se é o caso, a suspensión temporal das obrigas contractuais derivadas de todo préstamo ou crédito sen garantía hipotecaria a que se refire o artigo 21 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, serán os establecidos no Decreto do 15 de decembro de 1950 e bonificaranse nun 50 % cun límite mínimo de 25 euros e máximo de 50 euros, por todos os conceptos, incluídos as súas copias e trasladados.

Os dereitos arancelarios dos rexistradores derivados da constancia rexistral, se é o caso, da suspensión temporal das obrigas contractuais, a que se refire o artigo 21 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, minutaranse, de conformidade co artigo 36.9.g da ordenanza aprobada pola Orde do 19 de xullo 1999, pola cantidade fixa de 6 euros.

Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición previstos neste punto serán satisfeitos, en todo caso, polo acredor.»

Catro. O artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Aprazamento no pagamento de débedas coa Seguridade Social.*

1. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade social ou os autorizados para actuar a través do sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (sistema RED), sempre que non teñan outro aprazamento en vigor, poderán solicitar o aprazamento no pagamento das súas débedas coa Seguridade Social cuxo prazo regulamentario de ingreso teña lugar entre os meses de abril e xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos na normativa de seguridade social, pero coas seguintes particularidades:

1.^a Será de aplicación un xuro do 0,5 % en lugar do previsto no artigo 23.5 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2.^a As solicitudes de aprazamento deberán efectuarse antes do transcurso dos dez primeiros días naturais de cada un dos prazos regulamentarios de ingreso anteriormente sinalados.

3.^a O aprazamento concederase mediante unha única resolución, con independencia dos meses que comprenda, amortizarse mediante pagamentos

mensuais e determinarase un prazo de amortización de 4 meses por cada mensualidade solicitada a partir do mes seguinte ao que aquela se ditase, sen que exceda en total 12 mensualidades.

4.^a A solicitude deste aprazamento determinará a suspensión do procedemento recadatorio respecto das débedas afectadas por este e que o debedor sexa considerado ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social ata que se dite a correspondente resolución.

2. O aprazamento a que se refire o presente artigo será incompatible coa moratoria regulada no artigo anterior. As solicitudes de aprazamento por períodos respecto dos que tamén se solicitase a citada moratoria teranse por non presentadas, se ao solicitante se lle concedeu esta última.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 36, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Se, como consecuencia das medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma, os contratos subscritos polos consumidores e usuarios, xa sexan de compravenda de bens ou de prestación de servizos, incluídos os de tracto sucesivo, resultasen de imposible cumprimento, o consumidor e usuario terá dereito a resolver o contrato durante un prazo do 14 días desde a imposible execución deste. A pretensión de resolución só poderá ser estimada cando non caiba obter da proposta ou propostas de revisión ofrecidas por cada unha das partes, sobre a base da boa fe, unha solución que restaure a reciprocidade de intereses do contrato. As propostas de revisión poderán abranguer, entre outras, o ofrecemento de bonos ou vales substitutorios ao reembolso. Para estes efectos, entenderase que non cabe obter proposta de revisión que restaure a reciprocidade de intereses do contrato cando transcorrese un período de 60 días desde a solicitude de resolución contractual por parte do consumidor ou usuario sen que haxa acordo entre as partes sobre a proposta de revisión.»

Seis. Engádesse un novo punto 3 á disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«3. Aqueles procedementos de contratación cuxa continuación fose acordada polas entidades do sector público de conformidade co previsto no punto 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, serán susceptibles de recurso especial nos termos establecidos na propia Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen que o procedemento de recurso se poida considerar suspendido ao abeiro do disposto no punto primeiro da citada disposición adicional terceira.

En ningún caso resultará de aplicación o previsto no punto 1 desta disposición adicional a aqueles procedementos de contratación cuxa continuación fose acordada polas entidades do sector público de conformidade co previsto no punto 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, polo que os prazos do recurso especial previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, continuarán computándose nos termos establecidos na dita lei.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 10.^a, 11.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 18.^a, 20.^a e 30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación mercantil; lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución

polos órganos das comunidades autónomas, lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; do réxime aduaneiro e arancelario; sobre bases da ordenación de crédito, banca e seguros, sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas; bases do réxime xurídico das administracións públicas e lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; mariña mercante e portos de interese xeral; e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira décimo segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habíltanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

2. A modificación introducida polo presente real decreto lei na letra f) do punto 4 do artigo 4 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, será de aplicación aos contratos de comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais a que se refire o artigo 1 deste que se celebren a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei.

Dado en Madrid o 21 de abril de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Relación de bens a que se refire o artigo 8

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
1	Dispositivos médicos	Respiradores para cuidados intensivos e subintensivos	ex 9019 20 00
		Ventiladores (aparatos para a respiración artificial)	ex 9019 20 00
		Outros aparatos de oxigenoterapia, incluídas as tendas de oxixeno	ex 9019 20 00
		Oxigenación por membrana extracorpórea	ex 9018 90
2	Monitores	Monitores multiparámetro, incluídas versións portátiles	ex 8528 52 91
			ex 8528 52 99
			ex 8528 52 00
			ex 8528 52 10
3	Bombas	<ul style="list-style-type: none"> – Bombas peristálticas para nutrición externa – Bombas infusión medicamentos – Bombas de succión 	ex 9018 90 50
			ex 9018 90 84
			ex 8413 81 00
		Sondas de aspiración	ex 9018 90 50
4	Tubos	Tubos endotraqueais;	ex 9018 90 60
			ex 9019 20 00
		Tubos estériles	ex 3917 21 10 a ex 3917 39 00
5	Cascos	Cascos ventilación mecánica non invasiva CPAP/NIV;	ex 9019 20 00
6	Máscaras para ventilación non invasiva (NIV)	Máscaras de rostro completo e oronasais para ventilación non invasiva	ex 9019 20 00
7	Sistemas/máquinas de succión.	Sistemas de succión	ex 9019 20 00
		Máquinas de succión eléctrica	ex 9019 20 00 ex 8543 70 90
8	Humidificadores	Humidificadores	ex 8415
			ex 8509 80 00
			ex 8479 89 97
9	Laringoscopios	Laringoscopios	ex 9018 90 20
10	Fornecementos médicos funxibles	<ul style="list-style-type: none"> – Kits de intubación – Tesoiras laparoscópicas 	ex 9018 90
		Xiringas con ou sen agulla	ex 9018 31
		Agullas metálicas tubulares e agullas para suturas	ex 9018 32
		Agullas, catéteres, cánulas	ex 9018 39
		Kits de acceso vascular	ex 9018 90 84
11	Estacións de monitorización Aparatos de monitorización de pacientes – Aparatos de electrodiagnóstico	Estacións centrais de monitorización para cuidados intensivos	ex 9018 90
		<ul style="list-style-type: none"> – Dispositivos de monitorización de pacientes – Aparatos de electrodiagnóstico 	ex 9018 19 10 ex 9018 19 90

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
12	Escáner de ultrason portátil	Escáner de ultrason portátil	ex 9018 12 00
13	Electrocardiógrafos	Electrocardiógrafos	ex 9018 11 00
14	Sistemas de tomografía computerizada/escáneres	Sistemas de tomografía computerizada	ex 9022 12, ex 9022 14 00
15	Máscaras	– Máscaras faciais téxtiles, sen filtro substituíble nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais desbotables fabricadas con material téxtil non tecido. – Máscaras faciais FFP2 e FFP3	ex 6307 90 10 ex 6307 90 98
		Máscaras cirúrxicas de papel	ex 4818 90 10 ex 4818 90 90
		Máscaras de gas con pezas mecánicas ou filtros substituíbles para a protección contra axentes biolóxicos. Tamén inclúe máscaras que incorporen protección ocular ou escudos faciais.	ex 9020 00 00
16	Luvas	Luvas de plástico	ex 3926 20 00
		Luvas de goma cirúrxicas	4015 11 00
		Outras luvas de goma	ex 4015 19 00
		Luvas de punto impregnadas ou cubertas de plástico ou goma	ex 6116 10
		Luvas téxtiles distintas ás de punto	ex 6216 00
17	Proteccións faciais	– Protectores faciais desbotables e reutilizables – Protectores faciais de plástico (que cubran unha superficie maior que a ocular)	ex 3926 20 00 ex 3926 90 97
18	Lentes	Lentes de protección grandes e pequenas (<i>googles</i>)	ex 9004 90 10 ex 9004 90 90
19	Fundas Batas impermeables – diversos tipos – diferentes tamaños Roupa de protección para uso cirúrxico/médico de feltro ou tea sen tecer, incluso impregnada, recuberta, revestida ou laminada (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03).	Roupa (incluídas luvas, mitóns e manoplas) multiúso, de goma vulcanizada	ex 4015 90 00
		Roupa	ex 3926 20 00
		Roupa e accesorios	ex 4818 50 00
		Roupa confeccionada con tecido de punto das partidas 5903, 5906 ou 5907	ex 6113 00 10 ex 6113 00 90
		Outra roupa con tecido de punto	6114
		Roupa de protección para uso cirúrxico/médico feita con feltro ou tea sen tecer, impregnada ou non, recuberta, revestida ou laminada (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03). Inclúe a roupa de materiais non tecidos (« <i>spun-bonded</i> »)	ex 6210 10
		Outra roupa de protección feita con tecidos cauchutados ou impregnados, recubertos, revestidos ou laminados (tecidos das partidas 59.03, 59.06 ou 59.07)-	ex 6210 20 ex 6210 30 ex 6210 40 ex 6210 50
20	Cobertores de calzado/calzas	Cobertores de calzado/calzas	ex 3926 90 97 ex 4818 90 ex 6307 90 98

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
21	Gorros	Gorras de picos	ex 6505 00 30
		Gorros e outras proteccións para a cabeza e redes para o cabelo de calquera material	ex 6505 00 90
		Os restantes gorros e proteccións para a cabeza, forrados/axustados ou non.	ex 6506
22	Termómetros	Termómetros de líquido para lectura directa Inclúe os termómetros clínicos estándar de «mercurio en vidro»	ex 9025 11 20 ex 9025 11 80
		Termómetros dixitais ou termómetros infravermellos para medición sobre a fronte	ex 9025 19 00
		Xabón e produtos orgánicos tensioactivos e preparados para o lavado de mans (xabón de tocador)	ex 3401 11 00 ex 3401 19 00
23	Xabón para o lavado de mans	Xabón e produtos orgánicos tensioactivos Xabón noutras formas	ex 3401 20 10 ex 3401 20 90
		Axentes orgánicos tensioactivos (distintos do xabón) – Catiónicos	ex 3402 12
		Produtos e preparacións orgánicos tensioactivos para o lavado da pel, en forma de líquido ou crema e preparados para a venda polo miúdo, que conteñan xabón ou non.	ex 3401 30 00
		Dispensadores de desinfectante para mans instalables na parede	ex 8479 89 97
25	Solución hidroalcohólica en litros	2207 10: sen desnaturalizar, con volume alcohol etílico do 80 % ou máis.	ex 2207 10 00
		2207 20: desnaturalizado, de calquera concentración	ex 2207 20 00
		2208 90: sen desnaturalizar, con volume inferior ao 80 % de alcohol etílico	ex 2208 90 91
			ex 2208 90 99
26	Peróxido de hidróxeno ao 3 % en litros. Peróxido de hidróxeno incorporado a preparados desinfectantes para a limpeza de superficies	Peróxido de hidróxeno, solidificado ou non con urea	ex 2847 00 00
		Peróxido de hidróxeno a granel	
		Desinfectante para mans	ex 3808 94
		Outros preparados desinfectantes	
27	Transportíns de emerxencia	Transporte para persoas con discapacidade (cadeiras de rodas)	ex 8713
		Padiolas e carriños para o traslado de pacientes dentro dos hospitais ou clínicas	ex 9402 90 00
28	Extractores ARN	Extractores ARN	9027 80

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
29	Kits de probas para o COVID-19 / Instrumental e aparellos utilizados nas probas diagnósticas	– Kits de proba diagnóstica do coronavirus – Reactivos de diagnóstico baseados en reaccións inmunolóxicas	ex 3002 13 00 ex 3002 14 00 ex 3002 15 00 ex 3002 90 90
		Reactivos de diagnóstico baseados na reacción en cadea da polimerasa (PCR) proba do ácido nucleico.	ex 3822 00 00
		Instrumental utilizado nos laboratorios clínicos para o diagnóstico <i>in vitro</i>	ex 9027 80 80
		Kits para mostras	ex 9018 90 ex 9027 80
30	Hisopos	Guata, gasa, vendas, bastoncillos de algodón e artigos similares	ex 3005 90 10
			ex 3005 90 99
31	Material para a instalación de hospitais de campaña	Camas hospitalarias	ex 9402 90 00
		Carpas/tendas de campaña	ex 6306 22 00, ex 6306 29 00
		Carpas/tendas de campaña de plástico	ex 3926 90 97
32	Medicinas	– Peróxido de hidróxeno con presentación de medicamento Paracetamol – Hidrocloroquina/cloroquina – Lopinavir/Ritonavir – Remdesivir – Tocilizumab	ex 3003 90 00 ex 3004 90 00 ex 2924 29 70 ex 2933 49 90 ex 3003 60 00 ex 3004 60 00 ex 2933 59 95 ex 2934 10 00 ex 2934 99 60 ex 3002 13 00 ex 3002 14 00 ex 3002 15 00
33	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio	ex 8419 20 00 ex 8419 90 15
34	1- propanol (alcohol propílico) e 2 – propanol (alcohol isopropílico)	1- propanol (alcohol propílico) e 2 – propanol (alcohol isopropílico)	ex 2905 12 00
35	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona	ex 2909
36	Ácido fórmico	Ácido fórmico (e sales derivados)	ex 2915 11 00 ex 2915 12 00
37	Ácido salicílico	Ácido salicílico (e sales derivados)	ex 2918 21 00
38	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos	6307 90 92
39	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas	ex 5603 11 10 a
			ex 5603 94 90

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
40	Artigos de uso cirúrxico, médico ou hixiénico, non destinados á venda polo miúdo	Cobertores de cama de papel	ex 4818 90
41	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica, tanto se está calibrada ou graduada ou non.	ex 7017 10 00
			ex 7017 20 00
			ex 7017 90 00